- 37468 - 31631 (10/PRE-010622)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento das recomendacións do Consello de Contas de Galicia referidas á actividade concertada da diálise no Sergas

- 37377 - 31830 (10/PRE-010645)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as previsións da Consellería do Mar respecto da solicitude e do impulso da competencia do Consello da Xunta de Galicia para o coñecemento e a decisión respecto da solicitude de autorización do proxecto de megaminaría impulsado pola empresa Cobre San Rafael, S.L., nos concellos de Touro e do Pino

- 37376 - 31841 (10/PRE-010647)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a actuación levada a cabo pola Dirección do Hospital Lucus Augusti de Lugo en relación co suicidio dunha doente nese hospital o día 12 de maio de 2018

- 37374 - 32292 (10/PRE-010692)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre os criterios seguidos para a cobertura da revisión anual programada do helicóptero "Pesca 2", que presta o servizo de salvamento marítimo

- 37467 - 32422 (10/PRE-010705)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para garantir a atención pediátrica no Centro de Saúde de Gondomar

- 37466 - 32423 (10/PRE-010706)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a calidade asistencial, en especial a pediátrica, no Centro de Saúde de Gondomar

- 37372 - 32543 (10/PRE-010721)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración do Goberno galego das distintas interpretacións que se están a realizar respecto do uso dos espazos públicos para a realización de espectáculos e actividades recreativas

- 37640 - 32660 (10/PRE-010733)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o medio utilizado para trasladar a Sogama o 55 % restante do lixo que non foi transportado por ferrocarril

- 37370 - 32704 (10/PRE-010739)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da execución das obras de reparación necesarias no porto de Fisterra

- 37575 - 23002 (10/PRE-010787)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Chao Pérez, Luca

Sobre a avaliación da Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, Horizonte 2020, os resultados obtidos e as actuacións que vai levar a cabo ao respecto

- 37480 - 23377 (10/PRE-010794)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 4 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia do orzamento destinado á convocatoria no ano 2018 de axudas e subvencións para o fomento do emprego e a mellora da empregabilidade no ámbito da colaboración coas entidades locais, da suficiencia da duración dos contratos para o outorgamento da cualificación profesional que favoreza a inserción laboral e, se é o caso, das outras liñas de axuda previstas para eses fins

- 37573 - 25065 (10/PRE-011069)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre o contido do vídeo de promoción da Tarxeta Benvida e as actuacións previstas polo Goberno galego para fomentar a corresponsabilidade entre homes e mulleres no traballo reprodutivo, así como as súas intencións respecto da demanda ao Goberno central da recuperación do financiamento dos convenios coa Seguridade Social para as persoas coidadoras non profesionais de persoas en situación de dependencia

- 37498 - 30192 (10/PRE-011174)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para acordar a transformación das casas da xuventude en espazos Emprende, as súas consecuencias nas actividades que viñan desenvolvendo e as súas previsións respecto da creación de novas prazas de persoal nelas, así como a súa valoración en relación coa xestión que se vén levando a cabo da Casa da Xuventude de Ourense, os criterios que se están a seguir para a autorización de actividades nela e a súa programación para o ano 2018

- 37402 - 25985 (10/PRE-011297)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores

Sobre a posibilidade de garantía polo Goberno galego do cumprimento dos criterios legais, estatutarios e procedementais axeitados nos novos plans de explotación aprobados polas confrarías de Galicia, o coñecemento das dificultades que ocasiona a aprobación do novo plan de explotación do percebe na confraría A Anunciada de Baiona, e as súas razóns para validar o seu procedemento de aprobación

- 37399 - 26844 (10/PRE-011313)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre as xestións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa comercialización dos produtos do mar e a incidencia que van ter nela, a súa valoración referida ao estado de asociación das lonxas das provincias da Coruña e Lugo ao selo de calidade *PescadeRías*, así como a existencia de cooperación entre a Consellería do Mar e o resto das consellarías para reforzar os programas de innovación e comercialización deses produtos

- 37383 - 31325 (10/PRE-011336)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística referidos ao incremento da taxa de accidentes laborais na pesca e da súa gravidade entre os anos 2015 e 2016, a incidencia do recorte orzamentario das partidas do programa 723A, Mellora da calidade produtiva pesqueira e da acuicultura, no cumprimento dos obxectivos da Estratexia galega de seguridade e saúde no traballo, así como as medidas que vai impulsar para mellorar as condicións de traballo no mar

- 37379 - 31547 (10/PRE-011337)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre as medidas concretas previstas polo Goberno galego para evitar a perda de peso do sector pesqueiro fronte á competencia internacional, a súa valoración referida ás conclusións do informe emitido por New Economics Foundation en relación co Día da Dependencia do Peixe e a evolución das exportacións e importacións de peixe e animais acuáticos de Galicia nos últimos anos, así como as actuacións que vai levar a cabo ao respecto

- 37375 - 32291 (10/PRE-011343)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre os criterios seguidos para a cobertura da revisión anual programada do helicóptero *Pesca 2*, que presta o servizo de salvamento marítimo, así como as razóns do Goberno galego para permitirle á empresa adxudicataria o incumprimento do establecido nos apartados 2.6.9 e 2.6.10 do prego de prescricións técnicas particulares

- 37373 - 32541 (10/PRE-011347)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración do Goberno galego das distintas interpretacións que se están a realizar respecto do uso dos espazos públicos e o prazo previsto para flexibilizar a resolución de Portos de Galicia do 26 de setembro de 2017, pola que se regulan os criterios de autorización de ocupación de dominio público portuario con destino á celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas

- 37371 - 32703 (10/PRE-011349)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da execución das obras de reparación necesarias no porto de Fisterra

- 37569 - 33543 (10/PRE-011359)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o gasto farmacéutico das unidades de saúde mental no Servizo Galego de Saúde dende o ano 2018 ata a actualidade

- 37465 - 33598 (10/PRE-011362)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia sobre a problemática de Motorkar

- 37637 - 34418 (10/PRE-011433)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e da contía de cada unha delas, outorgadas pola Axencia de Turismo de Galicia ao Concello de Lugo no ano 2017

- 37636 - 34456 (10/PRE-011451)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Axencia de Turismo de Galicia aos concellos de Baralla, Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Outeiro de Rei e Portomarín no ano 2017

- 37635 - 34465 (10/PRE-011460)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Axencia de Turismo de Galicia aos concellos de Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito e Guitiriz no ano 2017

- 37634 - 34474 (10/PRE-011469)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Axencia de Turismo de Galicia aos concellos de Meira, Muras, A Pastoriza, Pol, Rábade, Vilalba e Xermade no ano 2017

- 37464 - 34512 (10/PRE-011478)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as demandas dos profesionais que prestan os seus servizos nos puntos de atención continuada do Sergas

- 37568 - 34756 (10/PRE-011508)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a avaliación da aplicación das medidas recollidas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

- 37567 - 34761 (10/PRE-011509)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a avaliación da aplicación das medidas recollidas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

- 37633 - 34823 (10/PRE-011517)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir unha atención sociosanitaria axeitada e en condicións de equidade a toda a poboación envellecida do concello de Navia de Suarna, así como as súas previsións respecto do reforzo da atención sanitaria nel e o impulso dunha lei específica referida ás zonas de montaña

- 37463 - 35403 (10/PRE-011535)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa evolución que presentan os indicadores relacionados co nivel de execución orzamentaria no ano 2017 dos plans e programas destinados á I+D+i, as medidas adoptadas ou que vai levar a cabo a curto prazo para incrementar o esforzo orzamentario e o grao de cumprimento dos compromisos na materia, así como as actuacións previstas nesta área



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 21481**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don Luís Villares Naveira, sobre **“o estado do contrato de limpeza das dependencias de Emprego na provincia de Lugo, as causas da súa rescisión e as medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación coa situación en que se atopan as traballadoras da empresa adxudicataria, así como a garantía dos seus dereitos laborais”**, (publicada no BOPG número 230 do 20 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Economía, Emprego e Industria, tras a correspondente tramitación administrativa asinou o 01.04.2017 coa empresa Peña Monforte, S.L. o contrato de servizo de limpeza de diversas instalacións dependentes da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de Lugo - LOTE 1 Oficinas de Emprego da provincia de Lugo (expediente. 1/2017 XTL).

O prazo de execución do contrato abrangía desde o 01.04.2017 ata o 31.03.2019 (cláusula cuarta do contrato) pero o 14.11.2017 acordouse a súa resolución por causas imputables ao contratista, como consecuencia dos incumprimentos substanciais e continuados das obrigas contractuais esenciais que supón o dilixente pagamento dos salarios aos traballadores, causas imputables ao contratista.

Esta resolución fundamentouse na aplicación do previsto no artigo 223.f) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público no que se establece como causa de resolución o incumprimento das restantes obrigas contractuais esenciais, cualificadas como tales nos pregos ou no contrato e a cláusula 16.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares na que se dispoñía que o dilixente pagamento de salarios aos traballadores adscritos ao contrato, así como o cumprimento das obrigas coa Seguridade Social en relación cos mesmos, terán a condición de obrigas

contractuais esenciais aos efectos do artigo 223.f) do TRLCSP” foron as que motivaron a resolución do contrato.

A Xunta de Galicia aboou nos prazos legalmente previstos todas e cada unhas das facturas emitidas pola empresa Peña Monforte, S.L. polo que non existe ningunha débeda pendente de pago a favor da mencionada empresa”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 16:49:55



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 23004**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e dona Luca Chao Pérez, sobre **“a avaliación da Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, Horizonte 2020, os resultados obtidos e as actuacións que vai levar a cabo ao respecto”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, fai unha valoración positiva do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016. Horizonte 2020. Este primeiro plan en materia demográfica a nivel español serviu para situar a cuestión demográfica na axenda política non só autonómica, senón tamén nacional e contribuíu á revitalización demográfica de Galicia e ao seu desenvolvemento socioeconómico e cultural a través das diferentes accións que contiña, de índole tanto social como económica, educativa, ou sanitaria, entre outras, das que se chegou a un grao de execución global de máis do 70%.

Unha vez rematada a vixencia do dito plan, na actualidade o Goberno galego está a impulsar a través do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica un traballo conxunto coas diferentes administracións, axentes sociais e económicos, as tres universidades de Galicia e todos os grupos con representación no Parlamento autonómico que permita sacar adiante medidas de alcance e que perduren no tempo.

A Xunta de Galicia considera que o traballo deste Observatorio está a ser de gran utilidade para ter un coñecemento pormenorizado da realidade demográfica galega e tamén para sentar as bases das políticas públicas precisas para afrontar o reto da xestión do cambio demográfico.

Neste sentido, no pasado mes de xullo o pleno do Observatorio informou favorablemente por unanimidade o documento Informe Galicia: Perspectivas Demográficas, unha ampla diagnose da situación da Comunidade Autónoma que constitúe o punto de partida para o establecemento das

liñas estratéxicas e obxectivos que a previsión é que o Observatorio teña acordadas no último cuadrimestre do presente ano.

Os traballos do Observatorio serán tidos en conta na futura lei de impulso demográfico que elaborará o executivo autonómico e na normativa e instrumentos de planificación que a desenvolvan”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/09/2018 15:05:15



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 25688**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begaña Rodríguez Rumbo e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre **“a política do Goberno galego en relación a posta en marcha de políticas tendentes a evitar as desigualdades entre territorios e a cohesión social”**, (publicada no BOPG número 262 do 16 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social, Consellería de Infraestruturas e Vivenda e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia vén asumindo a xestión do declive demográfico como unha das súas tarefas fundamentais de Goberno. A abordaxe deste reto require necesariamente adoptar unha visión sistémica e integral e prestar atención ás especificidades dos distintos territorios de Galicia. Deste xeito, o Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015-2020, principal documento de planificación do goberno autonómico, xa recolle a recuperación demográfica como un principio transversal a todos os seus eixes de actuación.

Neste sentido a Xunta de Galicia ten en conta, como non podía ser doutro xeito, as distintas recomendacións e estudos que se veñen realizando, non só dende a FEMP, senón tamén dende outros foros, como a Comisión Especial sobre a evolución demográfica en España constituída no Senado, o Foro de Rexións con Desafíos Demográficos (FREDD), a Comisión de Desenvolvemento Rexional ou o Grupo de traballo de Despoboamento e envellecemento da Conferencia de Asembleas Lexislativas Rexionais Europeas ou Comité europeo das Rexións, entre outros.

Conscientes de que se necesitan políticas estables, a Xunta de Galicia está a impulsar no seo do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, o deseño de respostas ao reto demográfico consensuadas e con vocación de perdurar no tempo para que sexan realmente efectivas. Neste órgano, como ben saben, participan as diferentes administracións (estatal,

autonómica e local), os axentes sociais e económicos, as tres universidades de Galicia e todos os grupos con representación no Parlamento autonómico.

O pleno do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, en sesión ordinaria celebrada o día 15 de xaneiro de 2018, acordou crear 5 grupos de traballo nos que considera ámbitos de actuación clave para a abordaxe do reto demográfico na Comunidade Autónoma de Galicia:

Xuventude, Apoio ás Familias, Envellecemento, Emigración/Inmigración e Medio Rural.

A revitalización dos núcleos rurais é, polo tanto, un dos obxectivos clave do Goberno galego. Estamos a dotar ós concellos de menos de 5.000 habitantes de recursos de conciliación a través dos programa de casas niño e casas do maior, unha estratexia que permite frear o declive demográfico no rural de Galicia e fixar poboación ao territorio. Hoxe Galicia conta con 46 casas niño e nestes momentos está en fase de resolución unha orde de axudas –a terceira- para outorgar outras 15 subvencións para o desenvolvemento doutros tantos proxectos.

Por outra banda, tentamos favorecer a volta a Galicia, e especialmente ao rural, dos galegos e galegas que emigraron e a dos seus descendentes a través da Estratexia Retorna 2020, onde se recolle unha batería de medidas dirixidas a que sintan a súa terra como o lugar onde desenvolver a súa traxectoria persoal e profesional, e deseñamos un Plan de fixación de poboación no medio rural, dirixido a impulsar o desenvolvemento equilibrado das economías e comunidades rurais mediante un apoio ás actividades socioeconómicas que permita a creación e conservación do emprego.

Por outra banda lembrar, tamén, que gran parte da acción que desenvolve a Consellería de Infraestruturas e Vivenda se centra en procurar beneficios para os cidadáns do rural, desde as comunicacións, á mellora dos fogares ou dos servizos de transporte.

As actuacións en materia de estradas axudan a vertebrar o territorio e a manter a súa cohesión, así como a ofrecer maiores oportunidades ás persoas que o habitan. En concreto, para as zonas rurais, son especialmente importantes as obras de acondicionamento de estradas que está a realizar a Axencia Galega de Infraestruturas. Tamén as vías de alta capacidade achegan á maior parte da poboación á rede principal de transportes, coas conseguintes oportunidades económicas que disto se derivan.



Tamén son destacables as actuacións e medidas destinadas á recuperación do patrimonio construído e á mellora das condicións das vivendas, principalmente no rural, como as axudas destinadas a actuacións de rehabilitación no medio rural e en conxuntos históricos ou o programa Vivendas do Camiño, para a rehabilitación de vivendas no marco da área de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago.

No eido do transporte, salientar que se está a traballar na 2ª fase do Plan de Transporte Público de Galicia para planificar, con horizonte 2019, un sistema de transporte público por estrada mellor adaptado ás necesidades reais dos veciños e con maior cobertura territorial, especialmente no rural, coa introdución de novas modalidades como pode ser o transporte compartido.

Engadir que a conectividade é unha prioridade do Goberno galego desde 2009, ano no que se elaborou o primeiro Plan Director de Banda Larga de Galicia para conseguir incrementar a cobertura a todos os galegos. Agora prioridade é incrementar a velocidade de conexión.

Para conseguilo, por unha banda, estamos a reclamar ao Estado, como autoridade competente na materia, o incremento das velocidades mínimas de 1 Mbps ás que están obrigados actualmente os operadores ao abeiro do servizo universal previsto na Lei 9/2014 Xeral de Telecomunicacións, e por outra está en marcha o Plan de Banda Larga 2020 para impulsar despregamentos nas zonas menos rendibles para os operadores.

Ao abeiro deste plan hai en marcha distintas actuacións de impulso ao despregamento de redes de fibra óptica, tanto en núcleos de poboación de menos de 300 habitantes coma en áreas empresariais.

A ademais, dende a Xunta estase a insistir ao Goberno central, quen ten as competencias no ámbito das telecomunicacións, na necesidade de levar a cabo as actuacións que aseguren o incremento da capacidade das redes de banda larga con especial atención nas zonas máis rurais.

A este respecto, xa en xaneiro de 2017, dende Galicia instouse ao Estado a través dunha PNL, asinada por unanimidade no Parlamento galego, a que obrigasen aos operadores adxudicatarios de bloques de frecuencias na banda de 800Mhz a completar conxuntamente unha cobertura do 90% dos habitantes residentes en núcleos de menos de 5.000 habitantes

de Galicia, non só a nivel Estatal. Esta petición foi replicada en marzo de 2017 na consulta pública emitida polo Estado sobre a elaboración dun proxecto de norma legal relativa ao plan de cobertura de 30Mbps a cumprir polos operadores beneficiarios do primeiro dividendo dixital.

Cómpre salientar que, finalmente o Estado publicou en xaneiro de 2018 o devandito proxecto de orde do plan de cobertura de 30Mbps no que se incluíu a obrigaón de cubrir o 85% nas Comunidades Autónomas. Polo tanto, en certa medida, si fixeron caso á proposta galega xa que engadiron esta obrigaón a nivel de Comunidade autónoma e non só a nivel Estatal que era o que se ía a facer nun inicio.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/09/2018 15:04:42



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37643
Data envío: 26/09/2018 14:46:48.696

Data 26/09/2018 14:46

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27131**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego referida ao lugar que ocupa Galicia, en relación co resto das comunidades autónomas, no tocante á taxa de reciclaxe de residuos, a porcentaxe de reciclaxe de residuos municipais acadada en Galicia dende o ano 2009 e as actuacións previstas para a consecución das metas fixadas pola Directiva comunitaria para os anos 2020, 2025 e 2035, así como as súas previsións respecto da aprobación, na X lexislatura, dun novo plan de xestión de residuos urbanos”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Galicia é unha das comunidades autónomas con menores taxas de eliminación de residuos en vertedoiro. A isto contribúe o feito de que, dende a Xunta, se teña posto a disposición das entidades locais (competentes no tratamento de residuos) unha infraestrutura coma SOGAMA, destinada a tratar a fracción resto procedente da recollida municipal non selectiva.

En canto á taxa de reciclaxe dos residuos domésticos, esta foi medrando desde o 2009, situándose no último ano en preto do 18%.

O Goberno galego traballa para que se acaden as cifras fixadas tanto na directiva comunitaria como no propio Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2016-2022. Ademais, estase ultimando a redacción da que será a Estratexia Galega de Economía Circular, que permitirá fixar as bases para asentar o cambio de modelo produtivo.

páxina 1 de 2

CVE-PREPAR: 41ca25e8-36c5-35c0-ec10-50e181708d44

Por último, considérase que non hai motivo para a elaboración dun novo Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia, xa que o actual cumpre, como así o determinou o Goberno central, co establecido no PEMAR (Plan Estatal Marco de Gestión de Residuos)”.
O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/09/2018 14:46:32



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 28055**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego dos datos reflectidos na Enquisa sobre biodiversidade feita por una coñecida empresa consultora, a existencia de enquisas semellantes feitas pola Xunta de Galicia e a intención desta de elaborar unha estratexia galega contra o cambio climático e un plan de adaptación ao cambio climático”**, (publicada no BOPG número 285 do 28 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Galicia conta cun alto nivel de protección da biodiversidade, no que se inclúen os 6 parques naturais, o parque nacional, 5 humedais protexidos, 8 monumentos naturais, 2 paisaxes protexidas e diversos espazos naturais de interese local (ENIL) e espazos privados de interese natural (EPIN). Ademais, hai 59 zonas especiais de conservación (ZEC) e 16 zonas de especial protección para as aves (ZEPA).

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ten prevista a elaboración nesta lexislatura dunha nova proposta de declaración de lugares de importancia comunitaria (LIC) ou ampliación dos xa existentes.

Por outra banda, a Xunta de Galicia está elaborando a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050. A adaptación constitúe un dos bloques principais dos que se compón esta estratexia e está prevista a definición de obxectivos e liñas de actuación a partir das proxeccións climáticas existentes e mediante unha análise de vulnerabilidade dos sectores socioeconómicos máis relevantes. As liñas de actuación estarán

enfocadas, entre outras, á mellora da gobernanza, a mellora do coñecemento e á implantación de medidas de adaptación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/09/2018 14:46:01



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 30193**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez, don Raúl Fernández Fernández e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para acordar a transformación das Casas da Xuventude en Espazos Emprende, as súas consecuencias nas actividades que viñan desenvolvendo e as súas previsións respecto da creación de novas prazas de persoal nelas, así como a súa valoración en relación coa xestión que se ven levando a cabo da Casa da Xuventude de Ourense, os criterios que se están a seguir para a autorización de actividades nela e a súa programación para o ano 2018”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os Espazos Emprende son unha das iniciativas incluídas no proxecto Catalizador de oportunidades de emprego e emprendemento xove transfronteirizo (acrónimo LIDERA), aprobado ao abeiro do programa Interreg V A España Portugal 2014-2020 (POCTEP), sendo o socio beneficiario principal do mesmo a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Os Espazos Emprende non supoñen unha transformación das Casas da Xuventude, actuais Espazos Xove. Son un recurso máis a disposición dos mozos e mozas no ámbito dos Espazos Xove que lle pode axudar a impulsar os seus proxectos de inserción sociolaboral e converter deste xeito á xuventude no maior activo para o desenvolvemento local.

Trátase dun espazo, dentro dos Espazos Xove, que a xuventude poderá empregar para a realización de actividades, asesoramento ou acción relativa á empregabilidade ou ao emprendemento (asesoramento aos emprendedores na posta en marcha dos seus proxectos) e á ampliación, mellora e mantemento de iniciativas emprendedoras.

Con esta iniciativa preténdese establecer espazos de encontro, de coñecemento, de información e tamén de formación en habilidades, co obxectivo de fomentar a participación e o emprendemento da mocidade; formar en habilidades transversais; dotar aos mozos/as de ferramentas sinxelas que lles permitan mellorar e seguir avanzando no seu itinerario persoal e profesional; propiciar o liderado da xente moza; e proactivar cara á formación activa.

O Espazo Emprende en ningún caso ocupa a totalidade dos inmobles dos Espazos Xove senón só unha sala, ou dúas con carácter excepcional segundo a demanda dos mozos e mozas. Esta iniciativa en ningún

momento substitúe e/ou anula a programación de actividades dos Espazos Xove nin supón unha modificación do uso destes, non interfíren no funcionamento ordinario nin no desenvolvemento das actividades que organizan os Espazos Xoves, constituíndose en usos perfectamente compatibles.

Trátase dun recurso máis a disposición dos mozos e mozas dentro do horario e funcionamento normal do Espazo Xove, no que poderán recibir asesoramento e formación, ben en grupo, ben de xeito individual, nos días e no horario establecido. Un recurso máis de apoio aos proxectos e actividades impulsados e desenvolto pola xuventude.

A posta en marcha desta nova iniciativa non supón a creación de novas prazas de persoal nas Casas da Xuventude, pois as actividades que se desenvolven nas mesmas (asesoramento personalizado, coaching, encontros sectoriais...) serán financiadas con cargo a partida para a contratación de servizos e expertos externos incluída no proxecto Lidera.

A posta a disposición da xuventude galega dos Espazos Emprende non supón unha insuficiencia de centros de emprendemento para a mocidade en Galicia. Reitérase que se trata dun recurso máis a disposición dos mozos e mozas, co elemento do acompañamento persoal que existe nos Espazos Emprende como elemento diferenciador dos centros de emprendemento.

O Espazo Xove de Ourense segue a ser xestionado como un punto de encontro dos mozos e mozas da cidade e provincia de Ourense. Baixo a xestión da súa dirección, realízanse actividades propias impulsadas polo propio Espazo (principalmente, actividades de dinamización cultural), actividades impulsadas dende a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e iniciativas promovidas por distintas entidades e asociacións xuvenís e culturais da cidade e provincia de Ourense.

O Espazo Xove de Ourense conta cun regulamento de réxime interior que serve de base para autorizar calquera tipo de actividade na casa. Neste sentido, as salas son para o uso e lecer, sen ánimo lucrativo, dos mozos e mozas de, preferentemente, entre 14 e 35 anos. Así, xa nas propias solicitudes infórmase de que os criterios de admisión para o uso das diversas salas son:

- A franxa de idade dos usuarios/as (de 14 a 35 anos).
- A orde de entrada de solicitude.
- O número de usuarios, procurando que o número de usuarios se adopte ó espazo da actividade que solicita.
- O compromiso de asistencia (en caso de que non avisen da ausencia ou falten de forma non xustificada durante 15 días se desestimarás a solicitude).

• Igualmente, recóllese a prioridade das actividades propias do Espazo Xove ou da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, pero sempre procúrase evitar causar calquera tipo de prexuízo ós usuarios.

No caso do polideportivo, que permite que os rapaces e rapazas practiquen deporte sen desembolso económico, o pasado mércores 27 de xuño tivo lugar unha reunión entre todos os grupos que fixeran solicitudes para o actual curso 2018/2019, co fin de intentar adaptar o seu uso ás necesidades dos grupos. Desta reunión, podemos dicir que as peticións e demandas foron atendidas practicamente por completo, seguindo sempre os criterios que rexen o funcionamento do Espazo Xove.

A ubicación do Punto de Encontro Familiar dentro das instalacións do Espazo Xove de Ourense responde a un criterio de optimización de recursos por parte da administración autonómica. Trátase de servizos compatibles que se prestan sen interferencias nunhas instalacións públicas cuxa organización e espazo permiten a ubicación de ambos.

Considérase axeitada a ubicación actual do Punto de Encontro Familiar na primeira planta do Espazo Xove de Ourense xa que non interfere no funcionamento ordinario nin no desenvolvemento das actividades que organiza este, constituíndose en usos perfectamente compatibles. É de destacar que non consta ningunha queixa dos usuarios tanto do Espazo Xove como do Punto de Encontro Familiar respecto da súa ubicación, máis ben ao contrario, constanding a satisfacción das familias pola localización máis céntrica do servizo.

Ata setembro de 2018 leváronse a cabo diversas actividades no Espazo Xove de Ourense, así:

- Reunión de traballo de presentación do borrador de Decreto de desenvolvemento do Título II da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia. (20 de abril)
- World Café para a elaboración do novo Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia (14 de abril).
- Incubadora de proxectos: obradoiro práctico de información e asesoramento sobre as convocatorias da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado no ámbito da educación non formal (13 de abril).
- Acción formativa Lidérate: desenvolvemento persoal para o emprego e o emprendemento (2 de maio), no marco do proxecto Lidera.
- 24 horas teatrais (23 e 24 de marzo)
- Obradoiros sobre diversas temáticas:
 - Microteatro (16 de febreiro)
 - Carteis mulleres e arte (16 de marzo)

Fotografía (8, 15,22, 29 de maio; e 5 e 12 de xuño)

Zumba (19 e 26 de abril; 3, 10, 24 e 31 de maio; e 7 de xuño).

Masterclass de zumba (30 de xuño)

Guitarra (sábados dende o 14 de abril ao 30 de xuño)

Pintura rápida (do 25 de abril ao 30 de maio)

Traballando as emocións (11, 15, 18 e 22 de setembro)

Robótica (20 de setembro)

A partir do mes de outubro están previstas as seguintes actividades:

- IV edición do programa Xestión e dirección de proxectos de participación xuvenil (segunda quincena do mes de outubro)

- No Espazo Emprende no marco do proxecto Lidera:

- 2 Encontros sectoriais a pequena escala onde os mozos e mozas e os distintos actores do territorio poderán establecer unha dinámica de diálogo e coñecemento mutuo que impulse a aparición de oportunidades en distintos eidos.
- Sesións formativas e coaching grupais e individualizadas.

- Conversa en inglés (de outubro a decembro)

- Obradoiro de iniciación á guitarra (de outubro a decembro)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 16:49:09



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37638

Data envío: 26/09/2018 14:45:41.882

Data 26/09/2018 14:45

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 32662**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos do Consello da Xunta de Galicia do 3 de maio de 2018 referidos ao último informe de Sogama respecto do traslado de lixo por ferrocarril no ano 2017, así como as previsións do Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG número 329 do 29 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“O informe ao que se fai referencia na iniciativa contiña os principais resultados do plan de xestión de Sogama correspondente ao ano 2017 e ás previsións para o período contemplado entre xaneiro e decembro de 2018.

O transporte de residuos desde as plantas de transferencia faise por dúas vías: tren e estrada. Ata marzo de 2016, só o 25% do lixo transferido nestas instalacións desde os camións de recollida municipal se viña trasladando por ferrocarril. A partir de esta data, e no marco do novo contrato de transporte combinado, deuse un impulso ao tren grazas á incorporación da terminal de Lugo, circunstancia que permitiu incrementar o transporte por este medio nun 20 puntos porcentuais. Como non pode ser doutro xeito, o 55% do transporte do lixo fíxose por estrada, xa que ademais do tren non é posible contemplar outro tipo de transporte dos residuos que non sexa o camión.

En canto ao contido de auga, este varía en función de moitas circunstancias, tanto no transporte por ferrocarril como por estrada, sempre en función da composición do lixo.

páxina 1 de 2

CVE-PREPAR: 09337d56-f4b2-6d87-9622-f645bb0a8d33

Tendo en conta a alta dispersión da poboación galega e a actual infraestrutura ferroviaria, estenderase o transporte de lixo por tren a todos aqueles puntos da xeografía galega nos que sexa posible desde una concepción de sostibilidade (técnica, ambiental, económica e social)”.
O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/09/2018 14:45:36



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 28054** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego dos datos reflectidos na Enquisa sobre biodiversidade feita por unha coñecida empresa consultora, a existencia de enquisas semellantes feitas pola Xunta de Galicia e a intención desta de elaborar unha estratexia galega contra o cambio climático e un plan de adaptación ao cambio climático”**, (publicada no BOPG número 285 do 28 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Galicia conta cun alto nivel de protección da biodiversidade, no que se inclúen os 6 parques naturais, o parque nacional, 5 humedais protexidos, 8 monumentos naturais, 2 paisaxes protexidas e diversos espazos naturais de interese local (ENIL) e espazos privados de interese natural (EPIN). Ademais, hai 59 zonas especiais de conservación (ZEC) e 16 zonas de especial protección para as aves (ZEPA).

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ten prevista a elaboración nesta lexislatura dunha nova proposta de declaración de lugares de importancia comunitaria (LIC) ou ampliación dos xa existentes.

Por outra banda, a Xunta de Galicia está elaborando a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050. A adaptación constitúe un dos bloques principais dos que se compón esta estratexia e está prevista a definición de obxectivos e liñas de actuación a

partir das proxeccións climáticas existentes e mediante unha análise de vulnerabilidade dos sectores socioeconómicos máis relevantes. As liñas de actuación estarán enfocadas, entre outras, á mellora da gobernanza, a mellora do coñecemento e á implantación de medidas de adaptación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/09/2018 14:46:08



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 32661** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos do Consello da Xunta de Galicia do 3 de maio de 2018 referidos ao último informe de Sogama respecto do traslado de lixo por ferrocarril no ano 2017, así como as previsións do Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG número 329 do 29 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“O informe ao que se fai referencia na iniciativa contiña os principais resultados do plan de xestión de Sogama correspondente ao ano 2017 e ás previsións para o período contemplado entre xaneiro e decembro de 2018.

O transporte de residuos desde as plantas de transferencia faise por dúas vías: tren e estrada. Ata marzo de 2016, só o 25% do lixo transferido nestas instalacións desde os camións de recollida municipal se viña trasladando por ferrocarril. A partir de esta data, e no marco do novo contrato de transporte combinado, deuse un impulso ao tren grazas á incorporación da terminal de Lugo, circunstancia que permitiu incrementar o transporte por este medio nun 20 puntos porcentuais. Como non pode ser doutro xeito, o 55% do transporte do lixo fíxose por estrada, xa que ademais do tren non é posible contemplar outro tipo de transporte dos residuos que non sexa o camión.

En canto ao contido de auga, este varía en función de moitas circunstancias, tanto no transporte por ferrocarril como por estrada, sempre en función da composición do lixo.

Tendo en conta a alta dispersión da poboación galega e a actual infraestrutura ferroviaria, estenderase o transporte de lixo por tren a todos aqueles puntos da xeografía galega nos que sexa posible desde una concepción de sostibilidade (técnica, ambiental, económica e social)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/09/2018 14:45:46



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37572

Data envío: 25/09/2018 15:05:04.596

Data 25/09/2018 15:05

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 25686** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre **“a política do Goberno galego en relación a posta en marcha de políticas tendentes a evitar as desigualdades entre territorios e a cohesión social”**, (publicada no BOPG número 261 do 18 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social, Consellería de Infraestruturas e Vivenda e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia vén asumindo a xestión do declive demográfico como unha das súas tarefas fundamentais de Goberno. A abordaxe deste reto require necesariamente adoptar unha visión sistémica e integral e prestar atención ás especificidades dos distintos territorios de Galicia. Deste xeito, o Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015-2020, principal documento de planificación do goberno autonómico, xa recolle a recuperación demográfica como un principio transversal a todos os seus eixes de actuación.

Neste sentido a Xunta de Galicia ten en conta, como non podía ser doutro xeito, as distintas recomendacións e estudos que se veñen realizando, non só dende a FEMP, senón tamén dende outros foros, como a Comisión Especial sobre a evolución demográfica en España constituída no Senado, o Foro de Rexións con Desafíos Demográficos (FREDD), a Comisión de Desenvolvemento Rexional ou o Grupo de traballo de Despoboamento e envellecemento da Conferencia de Asembleas Lexislativas Rexionais Europeas ou Comité europeo das Rexións, entre outros.

Conscientes de que se necesitan políticas estables, a Xunta de Galicia está a impulsar no seo do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, o deseño de respostas ao reto demográfico consensuadas e con vocación de perdurar no tempo para que sexan realmente

páxina 1 de 4

CVE-PREPAR: b8da81f1-6929-5c91-d782-66256670d3c2

efectivas. Neste órgano, como ben saben, participan as diferentes administracións (estatal, autonómica e local), os axentes sociais e económicos, as tres universidades de Galicia e todos os grupos con representación no Parlamento autonómico.

O pleno do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, en sesión ordinaria celebrada o día 15 de xaneiro de 2018, acordou crear 5 grupos de traballo nos que considera ámbitos de actuación clave para a abordaxe do reto demográfico na Comunidade Autónoma de Galicia:

Xuventude, Apoio ás Familias, Envellecemento, Emigración/Inmigración e Medio Rural.

A revitalización dos núcleos rurais é, polo tanto, un dos obxectivos clave do Goberno galego. Estamos a dotar ós concellos de menos de 5.000 habitantes de recursos de conciliación a través dos programa de casas niño e casas do maior, unha estratexia que permite frear o declive demográfico no rural de Galicia e fixar poboación ao territorio. Hoxe Galicia conta con 46 casas niño e nestes momentos está en fase de resolución unha orde de axudas –a terceira- para outorgar outras 15 subvencións para o desenvolvemento doutros tantos proxectos.

Por outra banda, tentamos favorecer a volta a Galicia, e especialmente ao rural, dos galegos e galegas que emigraron e a dos seus descendentes a través da Estratexia Retorna 2020, onde se recolle unha batería de medidas dirixidas a que sintan a súa terra como o lugar onde desenvolver a súa traxectoria persoal e profesional, e deseñamos un Plan de fixación de poboación no medio rural, dirixido a impulsar o desenvolvemento equilibrado das economías e comunidades rurais mediante un apoio ás actividades socioeconómicas que permita a creación e conservación do emprego.

Por outra banda lembrar, tamén, que gran parte da acción que desenvolve a Consellería de Infraestruturas e Vivenda se centra en procurar beneficios para os cidadáns do rural, desde as comunicacións, á mellora dos fogares ou dos servizos de transporte.

As actuacións en materia de estradas axudan a vertebrar o territorio e a manter a súa cohesión, así como a ofrecer maiores oportunidades ás persoas que o habitan. En concreto, para as zonas rurais, son especialmente importantes as obras de acondicionamento de estradas que está a realizar a Axencia Galega de Infraestruturas. Tamén as vías de alta capacidade achegan á maior parte da poboación á rede principal de transportes, coas conseguíntes oportunidades económicas que disto se derivan.



Tamén son destacables as actuacións e medidas destinadas á recuperación do patrimonio construído e á mellora das condicións das vivendas, principalmente no rural, como as axudas destinadas a actuacións de rehabilitación no medio rural e en conxuntos históricos ou o programa Vivendas do Camiño, para a rehabilitación de vivendas no marco da área de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago.

No eido do transporte, salientar que se está a traballar na 2ª fase do Plan de Transporte Público de Galicia para planificar, con horizonte 2019, un sistema de transporte público por estrada mellor adaptado ás necesidades reais dos veciños e con maior cobertura territorial, especialmente no rural, coa introdución de novas modalidades como pode ser o transporte compartido.

Engadir que a conectividade é unha prioridade do Goberno galego desde 2009, ano no que se elaborou o primeiro Plan Director de Banda Larga de Galicia para conseguir incrementar a cobertura a todos os galegos. Agora prioridade é incrementar a velocidade de conexión.

Para conseguilo, por unha banda, estamos a reclamar ao Estado, como autoridade competente na materia, o incremento das velocidades mínimas de 1 Mbps ás que están obrigados actualmente os operadores ao abeiro do servizo universal previsto na Lei 9/2014 Xeral de Telecomunicacións, e por outra está en marcha o Plan de Banda Larga 2020 para impulsar despregamentos nas zonas menos rendibles para os operadores.

Ao abeiro deste plan hai en marcha distintas actuacións de impulso ao despregamento de redes de fibra óptica, tanto en núcleos de poboación de menos de 300 habitantes coma en áreas empresariais.

A ademais, dende a Xunta estase a insistir ao Goberno central, quen ten as competencias no ámbito das telecomunicacións, na necesidade de levar a cabo as actuacións que aseguren o incremento da capacidade das redes de banda larga con especial atención nas zonas máis rurais.

A este respecto, xa en xaneiro de 2017, dende Galicia instouse ao Estado a través dunha PNL, asinada por unanimidade no Parlamento galego, a que obrigasen aos operadores adxudicatarios de bloques de frecuencias na banda de 800Mhz a completar conxuntamente unha cobertura do 90% dos habitantes residentes en núcleos de menos de 5.000 habitantes de Galicia, non só a nivel Estatal. Esta petición foi replicada en marzo de 2017 na consulta

pública emitida polo Estado sobre a elaboración dun proxecto de norma legal relativa ao plan de cobertura de 30Mbps a cumprir polos operadores beneficiarios do primeiro dividendo dixital.

Cómpre salientar que, finalmente o Estado publicou en xaneiro de 2018 o devandito proxecto de orde do plan de cobertura de 30Mbps no que se incluíu a obrigaón de cubrir o 85% nas Comunidades Autónomas. Polo tanto, en certa medida, si fixeron caso á proposta galega xa que engadiron esta obrigaón a nivel de Comunidade autónoma e non só a nivel Estatal que era o que se ía a facer nun inicio”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/09/2018 15:05:01



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 26716** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Cristina Romero Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o balance da actividade inspectora desenvolvida no ano 2017 pola Área de Inspección Turística da Axencia Turismo de Galicia, así como os datos referidos á aprobación do Plan de inspección turística para o ano 2018”**, (publicada no BOPG número 268 do 28 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“En coherencia coas previsións contidas Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia e cos anteriores plans de inspeccións, así como co obxectivo de acadar unha maior eficacia e eficiencia na labor inspectora, nos últimos anos estableceuse como fin primordial o de protexer ás persoas empresarias turísticas e ás persoas usuarias turísticas do intrusismo profesional no sector turístico. Este obxectivo concorda perfectamente cos fins que persegue a Lei do turismo de Galicia no seu artigo 4.j), en relación co artigo 39 do mesmo texto legal.

Nos cadros e gráficos que se anexan a continuación, recóllese o resultado das actuacións inspectoras, así como dos expedientes sancionadores que, en función daquelas, e dende unha perspectiva procedimental, incoáronse derivados das condutas irregulares non concordantes co bloque normativo que disciplina o tráfico turístico na nosa Comunidade.


Logo da análise dos datos indicados, as principais consecuencias que se poden extraer son as seguintes:

A.- Actividade inspectora:

-Preeminencia das actas de constancia fronte ás actas de infracción.

En concreto, o número total de actas de constancia, en toda Galicia, foi de 3.568 fronte ás 146 adxectivadas como de infracción.

Tal feito evidencia unha prevalencia da función asesora e preventiva da Inspección fronte á estritamente controladora ou disciplinaria.




-Maior volume da actividade informadora sobre a disciplinaria.

Esta circunstancia complementa o sinalado no apartado anterior e se encadra nunha tendencia progresiva que se ven observando ao longo dos últimos anos.


Os 'informes técnicos' teñen a virtude de orientar aos/ás promotores/as turísticos/as no axeitado exercicio das súas actuacións, tanto con carácter previo a estas, como unha vez que resultan iniciadas e, de selo caso, modificadas.

Tamén debe salientarse a importancia dos 'informes de subvencións' orientados a garantir a axeitada utilización dos fondos públicos na promoción e fomento do sector turístico, encadrándoos dentro dos parámetros que marca a normativa, conseguindo así, unha seguridade e garantía de calidade turística.

Os 'informes de denuncia' teñen unha presenza cuantitativamente inferior aos anteriores, na medida en que se vinculan ás reclamacións feitas polos particulares, e teñen por obxecto aclarar algún punto concreto daquelas e a darlle un carácter complementario ao contido das actas de infracción que, por tal motivo, puideran ser redactadas.



B.- Actividade sancionadora:



En canto aos expedientes sancionadores derivados da comisión de infraccións graves ou moi graves (ambas as dúas son as tipoloxías infractoras de maiores consecuencias e transcendencia), cómpre efectuar as seguintes observacións:

1. A tipoloxía infractora máis abundante é a do artigo 110.5 da Lei 7/2011 (efectuar cambios ou reformas substanciais incumprindo o establecido nos termos fixados no artigo 42 da lei).
2. Expedientes graves por vulneración do artigo 110.1 da Lei 7/2011 ou do seu equivalente (o funcionamento do establecemento sen ter presentado a correspondente declaración responsable ou se obtivese a preceptiva autorización turística, se é o caso).
3. En canto á tipoloxía infractora 'moi grave', incoouse un expediente sancionador polo artigo 111.3: reincidencia na comisión de infracción grave (a do artigo 110.1).
4. Fóra do artigo 110.1) e 5), as tipoloxías infractoras máis abundantes foron:
 - ✓ Negativa ou resistencia á entrega de follas de reclamación aos/ás usuarios/as turísticos/as.
 - ✓ Deficiente prestación dos servizos causando un grave prexuízo á clientela (no eido das axencias de viaxes e en relación ao produto de 'viaxes combinadas').
5. Incumprir ou alterar as circunstancias que motivaron o outorgamento do título administrativo habilitante para o exercicio da correspondente actividade.

De acordo cos artigos 148.1.18ª da Constitución española e 27.21 do Estatuto de autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva para a promoción e a ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Con base no anterior, o Parlamento de Galicia aprobou o 27 de outubro de 2011 a Lei 7/2011 do turismo de Galicia, co obxectivo de dar resposta ás demandas do sector e dos axentes sociais, de establecer canles que permitan fortalecer a posición da empresa turística galega nun contorno de gran competitividade, ao tempo que trata de resolver disfuncións e lagoas na regulación dun sector clave da economía galega.

A dita lei, no seu artigo 97.1, atribúelle ás inspectoras e aos inspectores de turismo a comprobación e a vixilancia do cumprimento das obrigas impostas pola normativa turística aplicable. Para o cumprimento desas obrigas, o artigo 97.2 establece que a Administración da Xunta de Galicia anualmente aprobará un Plan de inspección turística, co fin de garantir unha adecuada planificación da actividade inspectora e a consecución dos obxectivos de calidade e excelencia da actividade turística.

Este Plan de inspección segue a liña dos plans aprobados en anos anteriores, fixando os obxectivos da actuación inspectora sometidos a audiencia do Consello do Turismo de Galicia o día 6 de abril de 2016, os establecementos obxecto de inspección e o seu ámbito xeográfico e temporal.

Pola súa parte, o Decreto 40/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de inspección de turismo e órganos competentes no procedemento sancionador regula as funcións e actuacións da Inspección de Turismo, configurándose esta como o instrumento administrativo destinado a garantir o cumprimento dos obxectivos marcados pola normativa turística.

De acordo con anteriormente exposto, por proposta da Dirección de Competitividade e de conformidade coa competencia atribuída no artigo 97.2 da Lei 27/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, en relación cos artigos 19.4.s) e 27.1.e) do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, resolveuse aprobar o Plan de inspección turística da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, co contido recollido nos seguintes puntos.

Ámbito de actuación do Plan de inspección

O ámbito de actuación das actividades comprendida dentro do Plan de inspección turística abranguerá as persoas físicas ou xurídicas que exerzan unha actividade turística no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia ou que teñan como destinatarios ás persoas usuarias turísticas galegas, así como os establecementos situados nela nos que se desenvolvan actividades turísticas, con independencia de onde radique o seu domicilio social.

Vixencia do Plan de inspección

O presente Plan de inspección turística constitúe o marco básico da actuación inspectora. A súa duración comprenderá desde a súa aprobación ata o 31 de decembro de 2018.

Contido do Plan de inspección

O Plan de inspección turística da Comunidade Autónoma de Galicia estrutúrase en torno aos seguintes tipos de establecementos e servizos turísticos:

I. Establecementos hoteleiros:

Verificarase que non se alteraron as circunstancias baixo as que foron clasificados, así como os servizos que prestan. Farase unha especial vixilancia dos espazos comúns similares para comprobar que non se empregan para usos distintos aos na normativa e que poidan interferir cos seus clientes.

A actuación inspectora alcanzará:

- a) ao 100% nos hoteis 3, 4 e 5 estrelas (257). Esta actividade de comprobación desenvolverase ao longo de todo o ano.
- b) ao 30% nos hoteis de 1 e 2 estrelas (190 dun total de 631). Esta actividade de comprobación desenvolverase ao longo de todo o ano.
- c) ao 15% das pensións de 1, 2 e 3 estrelas (176 dun total de 1.173). Esta actividade de comprobación desenvolverase ao longo de todo o ano.

II. Albergues turísticos:

Actuacións contra o intrusismo profesional neste ámbito. Tamén se levará a cabo unha especial vixilancia respecto dos servizos ofertados por este tipo de establecementos.

Realizarase unha continua comprobación da súa capacidade.

A actuación inspectora alcanzará ao 100% deste tipo de establecementos e desenvolverase dende Semana Santa ata o mes de outubro (225).

III. Establecementos de turismo rural:

O obxecto da actividade inspectora dirixirase a comprobar as baixas deste tipo de establecementos, así como os servizos de restauración que ofrezan.

A actuación inspectora alcanzará ao 40% deste tipo de establecementos e desenvolverase ao longo de todo o ano (230 dun total de 576).

IV. Apartamentos e vivendas turísticas e vivendas de uso turístico:

En canto aos apartamentos e vivendas turísticas, comprobarase que o seu período de funcionamento é coincidente co que figura no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas de Galicia.

A actuación inspectora alcanzará ao 100% deste tipo de establecementos e desenvolverase ao longo de todo o ano (574).

Polo que respecta ás vivendas de uso turístico, levarase a cabo un control das plataformas de comercialización de aloxamentos turísticos na Internet co obxecto de detectar situacións de intrusismo profesional neste ámbito.

A actuación inspectora desenvolverase ao longo de todo o ano.

V. Campamentos de turismo:

Control dos bungalows e dos elementos auxiliares ou anexos, coma as cociñas, cuartos de baño, etc.

A actuación inspectora alcanzará ao 100% dos campamentos de turismo (116), e desenvolverase, preferentemente, durante a tempada de abril e maio.

VI. Establecementos de restauración:

-Restaurantes: incidencia de que as cartas de pratos ofrezan todos os produtos (facendo especial fincapé na prohibición do chamado “fóra de carta”) e que os menús inclúan todos os conceptos (bebida e pan; e bebida, pan e sobremesa).

A vixilancia deste tipo de establecementos farase:

- ✓ no Camiño de Santiago (con especial incidencia no Camiño Francés), durante todo o ano e moi especialmente na tempada de Semana Santa ao mes de outubro;
- ✓ nas grandes cidades, durante todo o ano;
- ✓ nas zonas de costa, durante a tempada de xuño a setembro.

A actuación inspectora alcanzará ao 10% deste tipo de establecementos (550 dun total de 5500).

-Cafetarías: comprobación da publicidade respecto da oferta culinaria (sinxela e de ordinario á prancha).

A actuación inspectora alcanzará ao 15% deste tipo de establecementos (249 dun total de 1.661).

-Bares: comprobación dos cambios de titularidade nestes tipo de establecementos, da existencia da póliza de responsabilidade civil e control da oferta de restauración, para evitar a colisión cos restaurantes.

A actuación inspectora alcanzará ao 2% deste tipo de establecementos (606 dun total de 30.310).

A actuación inspectora desenvolverase ao longo de todo o ano.

VII. Guías turísticos:

Farase un especial seguimento durante a Semana Santa e nos meses de xuño a setembro, nas principais cidades galegas, da actividade desenvolta por guías.

O obxectivo principal será o control do intrusismo profesional con actuacións focalizadas nos centros de maior afluencia turística de núcleos históricos en tempada alta.

VIII. Axencias de viaxes:

O pasado 6 de marzo foi publicada a modificación do Decreto 42/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de axencias de viaxes, guías de turismo e turismo activo, en relación co sistema de garantías do que deben dispor as axencias de viaxes para dar cumprimento ás súas obrigas derivadas da prestación dos seus servizos fronte ás persoas contratantes dunha viaxe combinada e, especialmente, en caso de insolvencia, do reembolso efectivo de todos os pagamentos realizados polas persoas viaxeiras ou por unha terceira persoa no seu nome, na medida en que non se prestaran os servizos correspondentes e, no caso de que se inclúa o transporte, da repatriación efectiva daqueles, sen prexuízo de que se poida ofrecer a continuación do viaxe.

Farase un especial seguimento en relación co novo sistema de garantías esixido, concretado na xustificación ante a Administración turística por parte das axencias de viaxes da posta en marcha dese novo sistema dentro prazo do mes seguinte ao da entrada en vigor da modificación regulamentaria.

Esta actividade abranguerá o total de axencias rexistradas (551).

IX. Turismo activo:

Levarase a cabo un control das empresas que desenvolvan actividades de turismo activo, cunha especial campaña de información da necesidade de clasificación desas actividades mediante a presentación da preceptiva declaración previa de inicio para a dita actividade.

Ao tempo incidirase nas asociacións e clubs que levan a cabo este tipo de actividades máis aló dos seus asociados/as e que non estean dadas de alta como empresas de turismo activo.

Remitirase unha carta a todas as empresas e asociacións que oferten nas súas páxinas web actividades de turismo activo, na que se lles advertirá da necesidade de que se rexistren e cumpran o Decreto 42/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de axencias de viaxes, guías de turismo e turismo activo.

A actuación inspectora alcanzará ao 100% deste tipo de empresas (434).

Seguimento e avaliación mensual do Plan de inspección

Cada área provincial remitirá á Área de Inspección Turística, dentro dos vinte (20) primeiros días do mes de xaneiro do ano 2019, os datos relativos ás actuacións practicadas polo persoal da Inspección desa área realizados ao longo do ano 2018, para o seu seguimento e avaliación.

Con carácter trimestral, remitirase dende cada área provincial á Área de Inspección Turística un informe sobre as actuacións levadas a cabo polo persoal da Inspección desa área realizados ao longo dese período.

Executado o Plan na súa totalidade e, en todo caso, ao finalizar o período da súa vixencia, a Área de Inspección Turística elaborará unha memoria final (balance da actividade inspectora e sancionadora), que elevará á Dirección da Axencia no mes de xaneiro do ano seguinte ao de finalización da vixencia do Plan.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:16:47



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 28521**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Sandra Vázquez Domínguez, e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“os instrumentos que está a desenvolver a Xunta de Galicia para apoiar a internacionalización do tecido empresarial, así como a súa avaliación en relación coa evolución das exportacións das empresas galegas”**, (publicada no BOPG número 287 do 4 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa foi atendida na intervención do director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), con motivo do debate da pregunta 33858 que tivo lugar na sesión do 6 de setembro de 2018 da Comisión 6º de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2018-09-06?part=9584a42e-2fb0-41b0-92af-e18d946e92b5&start=5608> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 13:35:37



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31029** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos ao desenvolvemento do Plan de accesibilidade turística de Galicia, así como a avaliación do Goberno galego respecto do seu grao de cumprimento”**, (publicada no BOPG número 309 do 23 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“O número de recursos analizados en materia de accesibilidade (establecementos, puntos de interese turística, oficinas de información é o seguinte:

ANO 2015 (Último trimestre 2015-2016)

Estudo-Diagnóstico de Accesibilidade de Recursos Turísticos no Camiño de Santiago (PREDIF)

Diagnósticos de accesibilidade realizados:

- Camiño de Santiago: 55 etapas
 - o Camiño Francés: 8 etapas (8 tramos)
 - o Camiño Fisterra- Muxía: 5 etapas (9 tramos)
 - o Camiño Vía da Prata: 16 etapas (33 tramos)
 - o Camiño Portugués: 6 etapas (10 tramos)
 - o Camiño Inglés: 6 etapas (12 tramos)
 - o Camiño Primitivo: 9 etapas (13 tramos)
 - o Camiño Norte: 10 etapas (12 tramos)
- Albergues nos Camiños: 192 aloxamentos
- Puntos de Interese Turístico nos Camiños: 80 recursos

ANO 2016

ACCIÓN PATG 1.2

Estudo-Diagnóstico de Accesibilidade de Recursos Turísticos de Galicia (COGAMI)

- Actualización de datos:

Contacto cos responsables dos aloxamentos e restaurantes xa analizados en proxectos anteriores incluídos nas correspondentes guías (practicables e accesibles), para a actualización da información dispoñible.

Fixéronse 33 revisións de establecementos que no período 2012-2017 realizaron melloras en accesibilidade para poder acadar a categoría de practicable ou adaptado.

- Análise da accesibilidade dos novos aloxamentos e restaurantes:
- Realización dun cuestionario telefónico aos novos establecementos ao obxecto de realizar un filtro de selección coa finalidade de optimizar as posteriores visitas presenciais (340 aloxamentos e 473 restaurantes rexistrados no REAT, con data de clasificación no período 2012-2017)

o Unha vez rematado o filtro a través do cuestionario telefónico, fixéronse visitas presenciais e avaliación de novos establecementos, 28 aloxamentos e 52 restaurantes

O número de axudas outorgadas e a cantidade das mesmas para a mellora da accesibilidade de recursos e empresas turísticas é o que segue:

ANO 2017

ACCIÓN PATG 1.7

Liñas de axudas para a mellora da accesibilidade de recursos e empresas turísticas

- Subvencións a entidades locais para o apoio aos investimentos para o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural (CONVOCATORIA 2017)
 - ⇒ Investimento: 3.552.578,92 euros
 - ⇒ Concedido: 2.269.814,96 euros
 - ⇒ Actuacións subvencionables en accesibilidade turística:

En materia de accesibilidade poderán ser obxecto de axuda as seguintes actuacións:

- a) Construción, ampliación ou mellora de aparcadoiros para o acceso aos recursos definidos neste artigo.
- b) Creación das infraestruturas necesarias para o acceso ao recurso.
- c) Construción de pasarelas, rampas, aparellos elevadores e eliminación de barreiras arquitectónicas que melloren o acceso ao recurso e os itinerarios de visita do mesmo.
- d) Construción ou adecuación de aseos adaptados para persoas con diversidade funcional.

En todo caso deberá cumprirse a normativa vixente en materia de accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas.

ANO 2018

ACCIÓN PATG 1.7

Liñas de axudas para a mellora da accesibilidade de recursos e empresas turísticas

- Subvencións a entidades privadas para actuacións de mellora das infraestruturas dos establecementos turísticos de aloxamento (CONVOCATORIA 2018)
 - ⇒ Investimento: 784.985,23 euros
 - ⇒ Concedido: 224.695,57 euros
 - ⇒ Actuacións subvencionables en accesibilidade turística:

Artigo 1. Obxecto e réxime das subvencións

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto a mellora da infraestrutura turística da Comunidade Autónoma de Galicia mediante a incentivación a entidades e empresas para a mellora das infraestruturas de establecementos de aloxamento turístico

3. En concreto, poderán ser obxecto de subvención, de conformidade co que se establece nesta resolución, os seguintes investimentos:

3.1. Actuacións destinadas a mellorar as condicións de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

- Subvencións a entidades locais para o apoio aos investimentos para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas (CONVOCATORIA 2018)

⇒ Investimento: 2.893.314,83 euros

⇒ Concedido: 1.835.816,85

⇒ Actuacións subvencionables en accesibilidade turística:

d) Actuacións de mellora da accesibilidade dos recursos turísticos:

– Eliminación de barreiras arquitectónicas no acceso aos bens, recursos e rutas turísticas.

– Facilitar o acceso das persoas con algún tipo de discapacidade sensorial á información turística dos recursos, mediante a adaptación das páxinas web, sinalización en linguaxe braille ou calquera outra de análoga natureza.

En todo caso deberá cumprirse a normativa vixente en materia de accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas.

As xornadas e campañas de sensibilización realizadas foron:

ANO 2016

ACCION PATG 4.6

Promoción do turismo accesible de Galicia a través dunha Viaxe de Familizarización (VIFAM) para prescriptores especializados en turismo accesible

Temática: Turismo Cultural Accesible Galicia

Datas: Do 14 ao 17 de novembro de 2016

Plan de Formación 2016:

ACCIÓN PATG 2.4

- Curso 'Turismo accesible e atención ao cliente con discapacidade e outras necesidades diversas'

Data: 29 e 30 de novembro de 2016

ACCIÓN PATG 2.3

- Curso 'Normativa e avaliación da accesibilidade'

Destinatarios: Técnicos municipais e das Administración Pública.

Datas: 22 e 23 de novembro de 2016

ANO 2017

ACCIÓN PATG 4.8

Presentación do Plan de Accesibilidade Turística de Galicia e do Camiño de Santiago

Durante o 1º semestre do ano 2017 levou a cabo a revisión e actualización dos contidos do PATG e PATCS presentado por PREDIF, entidade encargada do deseño do documento e que foi presentado ao sector turístico o día 21 de xullo de 2017.

Plan de Formación 2017:

ACCIÓN PATG 2.4 e PATCS 1.1

- Curso 'Turismo accesible e atención ao cliente con discapacidade e outras necesidades diversas' (4 cursos: 1 por provincia)

Sedes, datas:

- ⇒ A Coruña, 20 de novembro
- ⇒ Lugo, 22 de novembro
- ⇒ Pontevedra, 27 de novembro
- ⇒ Ourense, 29 de novembro

ACCIÓN PATG 2.3 e PATCS 1.2

- Curso 'Normativa e avaliación da accesibilidade' (4 cursos: 1 por provincia)

Sedes, datas:

- ⇒ A Coruña, 21 de novembro
- ⇒ Lugo, 23 de novembro
- ⇒ Pontevedra, 28 de novembro
- ⇒ Ourense, 30 de novembro

ACCIÓN PATCS 1.3

- Curso 'Recursos públicos e privados que fomentan a accesibilidade turística'

Sede, data:

- ⇒ Santiago, 24 de novembro

ACCIÓN PATCS 1.1

- Cursos 'Turismo accesible no Camiño de Santiago'

Sede, data:

- ⇒ Santiago de Compostela, 20 e 21 de marzo de 2017
- ⇒ Lugo, 22 e 23 de marzo de 2017

ACCION PATG 4.6

Promoción do turismo accesible de Galicia a través dunha Viaxe de Familiarización (VIFAM) para prescriptores especializados en turismo accesible

A realización da viaxe de familiarización desenvolveuse entre os días 19 e 23 de xuño de 2017

Participación de representantes de TT.OO. especializados en turismo accesible

ACCION PATG 3.2

Participación de Turismo de Galicia en CTN 170/GT5 Turismo accesible (2 reunións)

Reunión 1/2017 (Constitución Comité)

Data: 2017-01-26

Lugar: Fundación ONCE, Madrid

O motivo da creación deste grupo de traballo é traballar en paralelo como Comité Nacional espello do Comité Internacional ISO/TC 228/WG14, Accessible Tourism, que xa foi constituído anteriormente en 2016.

Maioritariamente representación de:

- Entidades relacionadas coa accesibilidade: PREDIF, ONCE, CEAPAT,...
- Comunidades Autónomas, participaron Canarias, Madrid, País Vasco, Aragón, Cataluña, Comunidade Valenciana e Galicia
- Sector empresarial turístico, a nivel asociacións, o ICTE

A secretaría do Comité Internacional ISO, está liderada pola ONCE (participan diversos países como Italia, Arxentina,...).

A primeira reunión do Comité ISO, tivo lugar a mediados de febreiro de 2017, ao obxecto de presentar o primeiro borrador da futura norma internacional en turismo accesible.

Reunión 2/2017

Data: 2017-04-25

Lugar: Fundación ONCE, Madrid

Asuntos tratados:

Revisión do novo borrador ISO/AWI 21902 Tourism and related services -- Accessible tourism for all -- Requirements and recommendations

Comentarios españois á proposta internacional ISO/AWI 21902

ACCION PATG 4.9

Presenza nas principais Feiras turísticas

Turismo de Galicia participa nas principais feiras turísticas nacionais cun stand institucional na que se inclúe, entre outra información xeral do destino turístico de Galicia, o folleto específico de aloxamentos turísticos accesibles de Galicia.

Entre outras feiras, destacar: FITUR (Madrid), B-Travel (Barcelona), Expovacaciones (Bilbao), INTUR (Valladolid),...

ACCION PATG 4.2

Inclusión dos contidos de turismo accesible no portal e as Apps de Turismo de Galicia

Ao longo do ano, a información de aloxamentos turísticos accesibles de Galicia, pódese consultar e descargar da web institucional de Turismo de Galicia (galicia.gal)

ANO 2018

ACCION PATCS 7.2

Realización dunha conferencia sobre accesibilidade turística no Camiño de Santiago

Evento: GREEN PILGRIMAGE INTERREG EUROPE STUDY VISIT TO GALICIA

Data: 18 de abril de 2018

Lugar: International Pilgrim Welcome Centre (Santiago de Compostela)

ACCION PATG 4.9

Presenza nas principais Feiras turísticas

Turismo de Galicia participa nas principais feiras turísticas nacionais cun stand institucional na que se inclúe, entre outra información xeral do destino turístico de Galicia, o folleto específico de aloxamentos turísticos accesibles de Galicia.

Entre outras feiras, destacar: FITUR (Madrid), B-Travel (Barcelona), Expovacaciones (Bilbao), INTUR (Valladolid), TUREXPO (Silleda),...

ACCION PATG 4.2

Inclusión dos contidos de turismo accesible no portal e as Apps de Turismo de Galicia

Ao longo do ano, a información de aloxamentos turísticos accesibles de Galicia, pódese consultar e descargar da web institucional de Turismo de Galicia (galicia.gal)

En canto ao número de empresas adheridas ao selo de Turismo accesible de Galicia dicir que aínda que nun primeiro momento a intención era a creación dun selo propio no que se estaba a traballar, tras as reunións mantidas o 26 de xaneiro de 2017 en Madrid na Fundación Once e posteriormente o 25 de abril na mesma sede, acordouse traballar co resto das comunidades autónomas nun selo de maior ámbito para poñer en marcha a nivel nacional, dada a importancia de aplicar unha normativa en accesibilidade o máis homoxénea posible. Participaron entidades relacionadas coa accesibilidade: PREDIF, ONCE, CEAPAT,..., as Comunidades Autónomas de Canarias, Madrid, País Vasco, Aragón, Cataluña, Comunidade Valenciana e Galicia así como representantes do sector empresarial turístico, e o ICTE. Polo que actualmente se segue a traballar neste senso co comité técnico nacional.

A avaliación que fai o Goberno do grao de cumprimento do plan é moi positiva posto que se avanza nun dos piares do Plan Estratéxico de Turismo de Galicia, a accesibilidade, de cara a seguir a traballar por ser un destino inclusivo. Cómpre salientar que o Plan de Accesibilidade Turística de Galicia foi dos primeiros en elaborarse do noso país.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:14:30



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 21702** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as actuacións previstas pola Consellería de Sanidade para paliar as deficiencias da Unidade de Hospitalización Psiquiátrica do Complexo Hospitalario da Coruña”**, (publicada no BOPG número 234 do 29 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A estrutura da Unidade de Agudos do Servizo de Psiquiatría do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña está destinada ao ingreso de enfermos agudos con patoloxías que precisan estabilización hospitalaria e estadias medias curtas (no 2017 a estadía foi de 17 días de promedio) e que complementa a outros dispositivos de atención á saúde mental dende unha perspectiva comunitaria e integradora, coma o hospital de día, as unidades de saúde mental ou os dispositivos de atención a trastornos de adicción.

Actualmente a unidade de hospitalización, cun índice de ocupación anual medio dun 80% nos últimos 5 anos, dispón de 34 camas, que están distribuídas en 8 habitacións de 2 camas, dotadas de cuarto de baño con ducha, lavabo e inodoro, e 6 habitacións de 3 camas teóricas (aínda que pola ocupación da unidade a norma é que non se ocupen ao completo), que teñen dous baños comúns diferenciados para homes e mulleres, dous lavabos e dúas habitacións con inodoros.

As persoas que precisan ingreso hospitalario por problemas mentais agudos presentan características diferenciadoras na súa atención sobre as persoas con outras patoloxías médicas ou cirúrxicas, de xeito que hai na unidade catro despachos específicos para entrevista individualizada médico-psicolóxica e varios almacéns para o material de traballo terapéutico (colchonetas, xogos de relación, etc...) ao fin de favorecer o tratamento nas esferas de atención que precisan os/as pacientes.

Para actividades comúns dos pacientes conta cun espazo de 60 m2 dotado de 12 mesas redondas, onde se xanta e se fan as terapias grupais e rehabilitadoras. Xunto a estes hai outro espazo de sillóns individuais, e outro colectivo para TV. Nos espazos comúns existe unha mesa de ping-pong e 5 armarios para gardar o material e xogos interactivos.

Inmediatamente fóra da planta existe unha zona de reunións e sesións clínicas de equipo para facultativos e enfermería con mesas alargadas de 14 prazas e zonas de traballo con postos informáticos.

O servizo cumpre coas ratios de persoal por paciente e coa que recomenda o Plan Estratégico de Saúde Mental: O persoal facultativo médico da Unidade de Hospitalización conta con 6 Psiquiatras e 3 Residentes, dos que 5 Psiquiatras levan o programa xeral das camas, atendendo de 6 a 7 pacientes cada un, cumprindo cos estándares que teñen todas as Unidades destas características e o sexto Psiquiatra leva a Unidade de Hospitalización a Domicilio (HADOP), que, integrada nesta Unidade, ten como obxectivo facilitar que se acurten as estadias intra hospitalarias e a integración familiar ao darse a alta hospitalaria.

Polo que se refire ao persoal sanitario non facultativo, conta con 14 enfermeiras, 9 TCAES, 1 traballadora social e 2 terapeutas ocupacionais.

O Servizo ten unha cobertura de garda médica de 15 a 8 horas, todos os días, de presenza física, integrada por un Psiquiatra e un Residente, que os sábados e domingos é de 24 horas. Os días laborais, de luns a venres, de 8 a 15 horas, cúbrese por un facultativo específico”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 13:36:20



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 13:36
Nº Rexistro: 37481
Data envío: 24/09/2018 13:36:15.551

Data 24/09/2018 13:36

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 22261** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **o calendario que manexa a Xunta de Galicia para a realización das melloras que precisa o Hospital de Monforte**”, (publicada no BOPG número 241 do 17 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 19.12.2017- polo conselleiro de Sanidade ao darlle resposta á pregunta 20721 sobre similar tema”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1

CVE-PREPAR: 3395d7c9-a259-86b2-4f30-9f40313cb813



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 13:36:12



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37577
Data envío: 25/09/2018 15:05:54.018

Data 25/09/2018 15:05

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 22342** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e don Antón Sánchez García, sobre “**a situación de saturación das urxencias do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña e de centros de saúde da área coma o do Ventorrillo**”, (publicada no BOPG número 241 do 17 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 22.05.2018- polo conselleiro de Sanidade ao darlle resposta a interpelación 3070 sobre a situación das urxencias no Sergas ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/09/2018 15:05:37



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 22480**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto ás modificacións introducidas polo proxecto de decreto de ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galicia en relación aos postos de libre designación”**, (publicada no BOPG número 241 do 17 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar informa que a lei de gardacostas establece que os membros do servizo teñen a condición de autoridade e non distingue se pertencen á escala ou non. De aí que todos os membros poidan usar os elementos distintivos, entre os que está o uniforme.

Esta cuestión foi ratificada pola asesoría xurídica xeral no seu informe do decreto de ordenación e funcionamento do servizo de Gardacostas e o texto foi negociado cos sindicatos, que o votaron favorablemente.

En canto ás competencias do persoal, hai que aclarar que os axentes exercen as súas funcións (que non autoridade) polo posto que desempeñan”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:17:53



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37576
Data envío: 25/09/2018 15:05:33.143

Data 25/09/2018 15:05

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 22601** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**o nomeamento da ex-conselleira de Sanidade para a dirección da empresa pública Galaria, encargada de xestionar a alta tecnoloxía do Sergas**”, (publicada no BOPG número 241 do 17 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Galaria é unha empresa pública, cuxa xerencia pode ser ocupada por unha funcionaria de carreira polo que non se constata incumprimento da normativa de incompatibilidades.

Remitímonos á resposta facilitada polo xerente do Sergas ao darlle resposta, á pregunta número 21721, na Comisión 5ª que tivo lugar o 17 xaneiro 2018”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1

CVE-PREPAR: a95cddf0-4248-1445-4051-0489ab2c33c2



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/09/2018 15:05:30



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23433**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela, don Abel Fermín Losada Alvarez e dona María Dolores Toja Suárez, sobre **“as medidas que ten previsto adoptar o Goberno galego para solucionar a conflitividade no sector da extracción do percebe”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Con respecto ao caso concreto que se formula nesta iniciativa, sinalar que se trata dun asunto interno entre os percebeiros e a directiva da confraría de pescadores de Baiona.

A Xunta, como non pode ser doutro xeito, sempre está disposta a mediar, pero para iso todas as partes teñen que estar dispostas a negociar”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 13:35:58



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 37408

Data envío: 24/09/2018 09:17:49.035

Data 24/09/2018 09:17

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23444** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o nivel de aplicación dos tratamentos para a hepatitis C ás persoas afectadas que se atopan na cadea en penitenciarías de Galicia, segundo o previsto no Plan nacional para a abordaxe da hepatitis C no Sistema nacional de saúde”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde presta a atención sanitaria requirida para os pacientes reclusos en institucións penitenciarias con infección crónica polo virus da Hepatite C, incluíndo nesa atención o diagnóstico, a valoración do paciente, indicación de tratamento e posterior seguimento.

Esta situación queda perfectamente reflectida no Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e Institucións Penitenciarias firmado no mes de abril de 2016. Nos compromisos recollidos no citado texto establécese que o Servizo galego de Saúde pon a disposición do centros penitenciarios situados na nosa Comunidade todos os seus medios e dispositivos asistenciais, co fin de desenvolver a cooperación necesaria en relación a estes pacientes reclusos infectados polo virus da Hepatite C e co fin de colaborar no seguimento destes pacientes.

Incluso antes da formalización do Convenio do mes de abril de 2016, xa temos asistido e tratado pacientes cos recursos asistenciais e medicamentos subministrados por parte do Servizo Galego de Saúde.

página 1 de 2

CVE-PREPAR: 81399e47-b8f7-9412-0952-2161acd29c29

Polo tanto, calquera usuario con Hepatite C Crónica que se atope en institucións penitenciarias e susceptible de tratamento, ten garantida a atención sanitaria polos facultativos do Servizo Galego de Saúde con experiencia no manexo desta enfermidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:17:45



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23450**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Juan José Merlo Lorenzo e dona Carmen Santos Queiruga, sobre **“a valoración da Consellería do Mar respecto da cota de xarda asignada á flota galega para o ano 2018, para as artes distintas ao arrastre e o cerco”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Este asunto foi respondido na Comisión 8ª do 27 de abril de 2018, pola directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, a través da iniciativa 24918 (BNG).

Efectivamente neste ano 2018 reduciuse o TAC para a xarda nun 20%, pero tamén debemos lembrar que viñamos dunha situación na que se pretendía unha redución dun 43%.

En canto á existencia de privilexios nas pesquerías, en función do lugar no que se resida, tal e como se indica na segunda pregunta, sinalar que non é certo. A xestión da cota á que nos estamos a referir é precisamente provincial, correspondéndolle á flota de cada provincia, a través da súa federación provincial de confrarías, a proposta da data de apertura da pesquería dirixida de xarda, os cupos para a pesquería dirixida, e a reserva ou non dunha cantidade para a pesca accesoria desta especie.

No tinxinte á solicitude de acordos de equilibrio que permitan equiparar as posibilidades de pesca de xarda, indicar que o reparto por provincias faise en base a unha clave de porcentaxes baseada nas capturas que viña facendo cada flota. Por exemplo, no caso de Galicia, a de Lugo e a da Coruña incorporáronse antes a esa pesquería, polo que en suma, correspóndelle maior cantidade de cota.

É por isto que o Goberno galego mantivo unha postura de absoluto respecto ás normas e ás decisións de xestión do propio sector, como non podía ser doutro xeito.

A realidade é que a frota de artes menores descargou en 2017 un total de 18.500 Tn e facturou 105M€, mantendo unha evolución positiva tanto en descargas (+6%) coma en vendas (+4,8%) con respecto a 2016.

Outro dato importante é que desde a aplicación deste reparto provincial, mellorou a descarga e facturación de xarda por parte da frota de artes menores:

A media de descargas nestes sete anos medrou nun 117% respecto á media anual dos dez anos anteriores (2005-2007).

A media de facturación anual medrou nun 191% respecto á media anual dos dez anos anteriores.

prezo medio medrou nun 20% con respecto aos dez anos anteriores”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:17:36



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23458**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona María Dolores Toja Suárez, sobre **“o coñecemento pola Xunta de Galicia da posición das confrarías galegas respecto das intencións da Consellería do Mar de abandonar a xestión das zonas marisqueiras”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Este asunto foi contestado na Comisión 8ª do 16 de febreiro de 2018, pola directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, a través da iniciativa 23330. Pode consultarse esta intervención no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2018-02-16?part=60abafa7-1d5f-46fb-9316-9e582ea40f6d&start=5938>

Os plans específicos de explotación para zonas de libre marisqueo están regulados no Decreto 423/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de marisqueo, extracción de algas e cultivos mariños.

Cando a explotación dun banco natural é susceptible de mellora significativa, a consellería pode autorizar o aproveitamento exclusivo de entidades, de zonas de marisqueo, respectando os dereitos de terceiros. Nestas condicións, a entidade pode realizar propostas de plans de explotación antes do 1 de novembro de cada ano.

Polo tanto, trátase dun sistema habitual de xestión no que por iniciativa das entidades, se coxestionan os recursos das zonas de libre marisqueo.

As rías de Pontevedra, Vigo, Muros e Noia, e Ferrol contan con plans de explotación conxuntos para zonas de libre marisqueo.

Por último, sinalar a importancia de seguir apoiando como ata o de agora, as actuacións de mellora da xestión e conservación dos recursos marisqueiros (coñecidos como proxectos de rexeneración)”.
O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:17:26



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23469** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razón polas que o Goberno galego non mantén xuntanzas periódicas coas organizacións sindicais para alcanzar novos acordos retributivos para o Sergas”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En diferentes mesas sectoriais tratouse cos representantes dos traballadores sobre os acordos e pactos de melloras retributivas que, desde o ano 2009, quedaron suspendidos nas leis de presupostos ao fío da crise económica.

Hai dereitos que se foron recuperando nesta última lexislatura como a devolución da paga extra de decembro de 2012; a suba do 1% das retribucións no 2016, a devolución do complemento específico adicional de xaneiro e febreiro de 2013 e a recuperación dos días de libre disposición máis os días adicionais de vacacións.

Na Lei de Orzamentos do ano 2017 contemplouse recuperar os complementos específicos adicionais das pagas extras de xuño e decembro, así como un incremento do 1% máis de subida nas retribucións.

Asemade adoptáronse outras medidas de mellora das condicións de traballo: opes anuais, un plan de estabilidade para reducir os índices de temporalidade, un novo pacto de contratación, o concurso de traslados aberto e permanente...

Na lei de orzamentos para o ano 2018, e de conformidade coa lei de orzamentos do Estado, contemplase unha suba salarial do 2% as retribucións de todos os empregados públicos; e na la Lei de Medidas Fiscais e Administrativas, no seu artigo 6. ‘Protección da maternidade e paternidade’ recolle unha ampliación da duración dos permisos de

maternidade e paternidade, o aboamento do promedio da atención continuada derivada da prestación de gardas, noites e festivos, nas situacións de maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e lactancia.

Polo que se refire a OPE a través do Decreto 125/2017, do 30 de novembro, aprobouse a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do SERGAS (1.616 prazas).

Asemade, a través da Orde do 20 de xullo de 2018 publicouse o Acordo sobre as bases da carreira profesional no ámbito do Servizo Galego de Saúde e entidades adscritas a Consellería de Sanidade e a dito organismo, acordo que foi negociado cos sindicatos da mesa sectorial”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:17:19



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23473** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia da xestión realizada neste último ano con respecto á venda da vacina contra a meninxite B”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Comunidade Autónoma de Galicia non ten competencias sobre medicamentos e produtos farmacéuticos.

A Consellería de Sanidade realizou as xestións posibles ante o Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social, e o laboratorio produtor da vacina para conseguir dose suficientes para cubrir a demanda.

Cómpre lembrar que os informes técnicos de Saúde Pública amosan que, neste momento, a incidencia da meninxite B en Galicia é a máis baixa da súa historia.

Por outra banda, a Consellería de Sanidade garante o subministro gratuíto da vacina contra a meninxite B ás persoas en risco e nas situacións nas que estea indicada”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:17:12



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 24888**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para o ano 2018 para garantir a viabilidade da frota do cerco”**, (publicada no BOPG número 255 do 7 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Este asunto foi contestado na Comisión 8ª do 16 de febreiro de 2018 pola directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, a través da iniciativa 24887.

Neste resposta, a directora xeral explicou as xestións realizadas pola Consellería do Mar para o máximo aproveitamento das súas cotas.

De feito sinalou que solicitou ao Goberno central o transvase das cantidades de cota sobrantes do ano anterior e entre stocks de diferentes zonas.

Tamén solicitou a realización de intercambios con outros Estados Membros que van permitir o incremento das cotas inicialmente asignadas tanto de xurelo da zona do Cantábrico-Noroeste (VIIIc) como de xurelo da zona que vai de Fisterra cara ao sur (IXa), e no seu caso, da cabala.

Ademais, lembrou, as xestións da Consellería permitiron a cesión ou intercambio entre caladoiros, modalidades ou asociacións de bocareu da área IXa por cota non usada de xurelo desta zona.

A maiores, destacou que máis da metade da facturación da flota do cerco correspóndese con especies non suxeitas a TAC”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:17:03



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 13:35
Nº Rexistro: 37478
Data envío: 24/09/2018 13:35:54.113

Data 24/09/2018 13:35

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 24964** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“os criterios seguidos polo Goberno galego para a designación da ex-conselleira de Sanidade como directora xerente da empresa pública Galaria, encargada de xestionar a alta tecnoloxía do Sergas”**, (publicada no BOPG número 260 do 14 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Galaria é unha empresa pública, cuxa xerencia pode ser ocupada por unha funcionaria de carreira polo que non se constata incumprimento da normativa de incompatibilidades.

Sobre esta cuestión remitímonos á información facilitada polo xerente do Sergas ao darlle resposta sobre o mesmo tema, á pregunta número 21721, contestada na sesión da Comisión 5ª do 17.01.2018”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1

CVE-PREPAR: 7ec972c8-8d38-f796-d5e7-adc63ab7d757



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 13:35:50



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 25687**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre **“a aplicación polo Goberno galego das recomendacións aprobadas pola Comisión de Despoboación da FEMP”**, (publicada no BOPG número 260 do 14 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **consellerías de Política Social e de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia vén asumindo a xestión do declive demográfico como unha das súas tarefas fundamentais de goberno. A abordaxe deste reto require necesariamente adoptar unha visión sistémica e integral e prestar atención ás especificidades dos distintos territorios de Galicia. Deste xeito, o Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015-2020, principal documento de planificación do Goberno autonómico, xa recolle a recuperación demográfica como un principio transversal a todos os seus eixes de actuación.

Neste sentido a Xunta de Galicia ten en conta, como non podía ser doutro xeito, as distintas recomendacións e estudos que se veñen realizando, non só dende a FEMP, senón tamén dende outros foros, como a Comisión Especial sobre a evolución demográfica en España constituída no Senado, o Foro de Rexións con Desafíos Demográficos (FREDD), a Comisión de Desenvolvemento Rexional ou o Grupo de traballo de Despoboamento e envellecemento da Conferencia de Asembleas Lexislativas Rexionais Europeas ou Comité europeo das Rexións, entre outros.

Conscientes de que se necesitan políticas estables, a Xunta de Galicia está a impulsar no seo do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, o deseño de respostas ao reto demográfico consensuadas e con vocación de perdurar no tempo para que sexan realmente efectivas. Neste órgano, como ben saben, participan as diferentes administracións (estatal, autonómica e local), os axentes sociais e económicos, as tres universidades de Galicia e todos os grupos con representación no Parlamento autonómico.

O pleno do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, en sesión ordinaria celebrada o día 15 de xaneiro de 2018, acordou crear 5 grupos de traballo nos que considera ámbitos de actuación clave para a abordaxe do reto demográfico na Comunidade Autónoma de Galicia: Xuventude, Apoio ás Familias, Envellecemento, Emigración/Inmigración e Medio Rural.

A revitalización dos núcleos rurais é, polo tanto, un dos obxectivos clave do Goberno galego. Estamos a dotar ós concellos de menos de 5.000 habitantes de recursos de conciliación a través dos programa de casas niño e casas do maior, unha estratexia que permite frear o declive demográfico no rural de Galicia e fixar poboación ao territorio. Hoxe Galicia conta con 46 casas niño e nestes momentos está en fase de resolución unha orde de axudas –a terceira- para outorgar outras 15 subvencións para o desenvolvemento doutros tantos proxectos.

Por outra banda, tentamos favorecer a volta a Galicia, e especialmente ao rural, dos galegos e galegas que emigraron e a dos seus descendentes a través da Estratexia Retorna 2020, onde se recolle unha batería de medidas dirixidas a que sintan a súa terra como o lugar onde desenvolver a súa traxectoria persoal e profesional, e deseñamos un Plan de fixación de poboación no medio rural, dirixido a impulsar o desenvolvemento equilibrado das economías e comunidades rurais mediante un apoio ás actividades socioeconómicas que permita a creación e conservación do emprego.

Por outra banda, Lembrar, tamén, que gran parte da acción que desenvolve a Consellería de Infraestruturas e Vivenda se centra en procurar beneficios para os cidadáns do rural, desde as comunicacións, á mellora dos fogares ou dos servizos de transporte.

As actuacións en materia de estradas axudan a vertebrar o territorio e a manter a súa cohesión, así como a ofrecer maiores oportunidades ás persoas que o habitan. En concreto, para as zonas rurais, son especialmente importantes as obras de acondicionamento de estradas que está a realizar a Axencia Galega de Infraestruturas. Tamén as vías de alta capacidade achegan á maior parte da poboación á rede principal de transportes, coas conseguíntes oportunidades económicas que disto se derivan.

Tamén son destacables as actuacións e medidas destinadas á recuperación do patrimonio construído e á mellora das condicións das vivendas, principalmente no rural, como o programa Vivendas do Camiño, para a rehabilitación de vivendas no marco da área de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37571
Data envío: 25/09/2018 15:04:57.658



No eido do transporte, salientar que se está a traballar na 2ª fase do Plan de Transporte Público de Galicia para planificar, con horizonte 2019, un sistema de transporte público por estrada mellor adaptado ás necesidades reais dos veciños e con maior cobertura territorial, especialmente no rural, coa introdución de novas modalidades como pode ser o transporte compartido”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/09/2018 15:04:50



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 26717** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Cristina Romero Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o balance da actividade inspectora desenvolvida no ano 2017 pola Área de Inspección Turística da Axencia Turismo de Galicia”**, (publicada no BOPG número 268 do 28 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“En coherencia coas previsións contidas Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia e cos anteriores plans de inspeccións, así como co obxectivo de acadar unha maior eficacia e eficiencia na labor inspectora, nos últimos anos estableceuse como fin primordial o de protexer ás persoas empresarias turísticas e ás persoas usuarias turísticas do intrusismo profesional no sector turístico. Este obxectivo concorda perfectamente cos fins que persegue a Lei do turismo de Galicia no seu artigo 4.j), en relación co artigo 39 do mesmo texto legal.

Nos cadros e gráficos que se anexan a continuación, recóllese o resultado das actuacións inspectoras, así como dos expedientes sancionadores que, en función daquelas, e dende unha perspectiva procedimental, incoáronse derivados das condutas irregulares non concordantes co bloque normativo que disciplina o tráfico turístico na nosa Comunidade.


Logo da análise dos datos indicados, as principais consecuencias que se poden extraer son as seguintes:

A.- Actividade inspectora:

-Preeminencia das actas de constancia fronte ás actas de infracción.

En concreto, o número total de actas de constancia, en toda Galicia, foi de 3.568 fronte ás 146 adxectivadas como de infracción.

Tal feito evidencia unha prevalencia da función asesora e preventiva da Inspección fronte á estritamente controladora ou disciplinaria.




-Maior volume da actividade informadora sobre a disciplinaria.

Esta circunstancia complementa o sinalado no apartado anterior e se encadra nunha tendencia progresiva que se ven observando ao longo dos últimos anos.


Os 'informes técnicos' teñen a virtude de orientar aos/ás promotores/as turísticos/as no axeitado exercicio das súas actuacións, tanto con carácter previo a estas, como unha vez que resultan iniciadas e, de selo caso, modificadas.

Tamén debe salientarse a importancia dos 'informes de subvencións' orientados a garantir a axeitada utilización dos fondos públicos na promoción e fomento do sector turístico, encadrándoos dentro dos parámetros que marca a normativa, conseguindo así, unha seguridade e garantía de calidade turística.

Os 'informes de denuncia' teñen unha presenza cuantitativamente inferior aos anteriores, na medida en que se vinculan ás reclamacións feitas polos particulares, e teñen por obxecto aclarar algún punto concreto daquelas e a darlle un carácter complementario ao contido das actas de infracción que, por tal motivo, puideran ser redactadas.



B.- Actividade sancionadora:



En canto aos expedientes sancionadores derivados da comisión de infraccións graves ou moi graves (ambas as dúas son as tipoloxías infractoras de maiores consecuencias e transcendencia), cómpre efectuar as seguintes observacións:

1. A tipoloxía infractora máis abundante é a do artigo 110.5 da Lei 7/2011 (efectuar cambios ou reformas substanciais incumprindo o establecido nos termos fixados no artigo 42 da lei).

2. Expedientes graves por vulneración do artigo 110.1 da Lei 7/2011 ou do seu equivalente (o funcionamento do establecemento sen ter presentado a correspondente declaración responsable ou se obtivese a preceptiva autorización turística, se é o caso).

3. En canto á tipoloxía infractora 'moi grave, incoouse un expediente sancionador polo artigo 111.3: reincidencia na comisión de infracción grave (a do artigo 110.1).

4. Fóra do artigo 110.1) e 5), as tipoloxías infractoras máis abundantes foron:

✓ Negativa ou resistencia á entrega de follas de reclamación aos/ás usuarios/as turísticos/as.

✓ Deficiente prestación dos servizos causando un grave prexuízo á clientela (no eido das axencias de viaxes e en relación ao produto de 'viaxes combinadas').

5. Incumprir ou alterar as circunstancias que motivaron o outorgamento do título administrativo habilitante para o exercicio da correspondente actividade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:16:39



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 26845**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez, e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as xestións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa comercialización dos produtos do mar”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar da Xunta de Galicia traballa arreo para mellorar as posibilidades de pesca da nosa frota, e dende logo, a comercialización dos produtos do mar. Neste senso, é un feito o incremento da facturación da frota galega, así como o incremento das exportacións dos produtos pesqueiros transformados.

Para isto están as inversións primeiro para mellorar a calidade da produción pesqueira e da acuicultura, e a continuación a labor de transformación. E ademais están os orzamentos adicados á promoción e á mellora da comercialización, incidindo para obter ese incremento de vendas.

En relación coa marca pescadeRías que busca a protección e promoción dos produtos mariños procedentes da pesca artesáns e sustentable na costa galega, é de destacar que se pasou de certificar en 2008 416.6257 kg a 14.932.010 kg en 2017, o que é unha mostra da aposta que se fixo por esta marca.

É de destacar que o 83% do berberecho de Galicia está certificado en pescadeRías, ou un 81% da vieira, un 63% da ameixa rubia, un 59% da navalla, un 58% do ourizo, un 53% da ameixa xaponesa, entre outros.

Neste momento as lonxas certificadas son 36. Son lonxas que teñen vendas de frota de baixura de importancia, polo que optan por certificarse, nun intento de diferenciarse. É unha decisión voluntaria da propia lonxa.

No caso da lonxa de Cedeira está en pleno proceso de certificación, ao igual que a lonxa de Ribeira. Nese senso xa teñen ambas as dúas data de auditoría.

No caso da provincial de Lugo, hai que ter en conta que das lonxas actualmente en funcionamento, a que ten máis importancia para a baixura é precisamente a de Burela.

Con relación ao Orzamento pescadeRías, a Consellería do Mar ten asinado ata o 2020 un contrato para a xestión e a certificación do marca que supón un investimento de 366.484 euros.

Por último, destacar que a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela asinaron un convenio de colaboración para levar a cabo a incorporación e uso da marca pescaenverde xunto coa marca pescadeRías, ¿de onde se non?.

Pescaenverde é unha ecoetiqueta desenvolvida pola Universidade de Santiago de Compostela-USC que permite calcular a Pegada de Carbono e Taxa de Retorno Enerxética adaptada a cada tipo de frota e modalidade de pesca. Nesta liña, ambas marcas se complementan por ser a pegada de carbono vencellada á pesca artesanal mínima”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:16:19



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 27044**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez, e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a realización polo Goberno galego dalgún tipo de xestión diante do Goberno central para a consideración da singularidade da costa galega, e en especial da Costa da Morte, no proxecto de real decreto polo que se determinan as condicións de seguridade do mergullo en augas marítimas españolas”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Trátase dun borrador de Real Decreto do Ministerio de Fomento que determina as condicións de seguridade nas actividades de mergullo. Está en fase de exposición pública e de consulta co sector, polo que non hai nada definitivo a día de hoxe.

Non debemos esquecer que é un borrador de normativa que o Goberno central está debatendo cos representantes do sector de Galicia, e xa tiveron lugar diferentes reunións.

A Consellería do Mar informa que xa estudamos este borrador de normativa e seguimos analizándoo de xeito que estaremos vixiantes neste proceso para a defensa dos intereses da nosa frota.

De feito, a directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro xa se ten reunido con representantes da Federación Galega de Confrarías de Pescadores para analizar o tema.

En canto a si temos solicitado a transferencia de competencias das condicións de seguridade das actividades de mergullo, debemos lembrarlle á deputada que é unha competencia exclusiva do Estado, integrada dentro da competencia exclusiva de Mariña Mercante.

Sen embargo, tamén é certo que o Real Decreto 1377/1997 transferiu á comunidade autónoma de Galicia diversas funcións en materia do mergullo como son as de autorización e apertura de centros de ensinanzas de mergullo profesional, a realización e control dos exames para a obtención do mergullo profesional, a expedición dos títulos e tarxetas de identidade profesional que habiliten para o exercicio do mergullo.

Pero o tema da seguridade no tema do mergullo é unha competencia exclusiva do Estado, o cal é lóxico, ao efecto de establecer unha normativa común e única para todo o territorio do Estado español, tendo en conta que se trata dunha materia moi sensible.

Con elo lógrase que nas diversas Comunidades Autónomas se apliquen as mesmas normas nunha materia esencial para a saúde dos mergulladores. Tamén é de destacar que as medidas implementadas en materia de seguridade no Proxecto de Real Decreto resultan axeitadas.

Se ben, o Estado é competente para ditar o proxecto de Real Decreto obxecto de estudio e determinar as condicións de seguridade das actividades do mergullo, non é menos certo que o exercicio desa actividade no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia pode estar ligada ao exercicio da actividade extractiva en ámbitos como a pesca e, en maior medida, o marisqueo e a acuicultura

Por elo é necesario incluír na regulación mecanismos que, respectando a seguridade no exercicio da actividade do mergullo, teñan en conta a outra actividade de carácter extractivo ligada a anterior, e cuxa competencia está atribuída á Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste sentido, por parte da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro fixéronse diversas alegacións e emendas ao proxecto de Real Decreto no senso de preservar a actividade extractiva realizada por moitos traballadores do sector mediante a técnica da apnea e superar a regulación prohibitiva recollida no proxecto.

De igual forma fixéronse emendas en materia de seguridade co fin de mellorar os mecanismos regulados no proxecto de Real Decreto e así dotar o mergullo en apnea de unhas máis e mellores condicións de seguridade co fin de garantir o mantemento da actividade e a vez preservar a saúde dos recolectores”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:16:10



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37644
Data envío: 26/09/2018 14:46:57.884

Data 26/09/2018 14:46

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 27129** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da aprobación, na X lexislatura, dun novo plan de xestión de residuos urbanos de Galicia”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Galicia é unha das comunidades autónomas con menores taxas de eliminación de residuos en vertedoiro. A isto contribúe o feito de que, dende a Xunta, se teña posto a disposición das entidades locais (competentes no tratamento de residuos) unha infraestrutura coma SOGAMA, destinada a tratar a fracción resto procedente da recollida municipal non selectiva.

En canto á taxa de reciclaxe dos residuos domésticos, esta foi medrando desde o 2009, situándose no último ano en preto do 18%.

O Goberno galego traballa para que se acaden as cifras fixadas tanto na directiva comunitaria como no propio Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2016-2022. Ademais, estase ultimando a redacción da que será a Estratexia Galega de Economía Circular, que permitirá fixar as bases para asentar o cambio de modelo produtivo.

páxina 1 de 2

Por último, considérase que non hai motivo para a elaboración dun novo Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia, xa que o actual cumpre, como así o determinou o Goberno central, co establecido no PEMAR (Plan Estatal Marco de Gestión de Residuos)”.
O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/09/2018 14:46:52



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 28053** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego dos datos reflectidos na Enquisa sobre biodiversidade feita por una coñecida empresa consultora”**, (publicada no BOPG número 284 do 27 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Galicia conta cun alto nivel de protección da biodiversidade, no que se inclúen os 6 parques naturais, o parque nacional, 5 humedais protexidos, 8 monumentos naturais, 2 paisaxes protexidas e diversos espazos naturais de interese local (ENIL) e espazos privados de interese natural (EPIN). Ademais, hai 59 zonas especiais de conservación (ZEC) e 16 zonas de especial protección para as aves (ZEPA).

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ten prevista a elaboración nesta lexislatura dunha nova proposta de declaración de lugares de importancia comunitaria (LIC) ou ampliación dos xa existentes.

Por outra banda, a Xunta de Galicia está elaborando a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050. A adaptación constitúe un dos bloques principais dos que se compón esta estratexia e está prevista a definición de obxectivos e liñas de actuación a partir das proxeccións climáticas existentes e mediante unha análise de vulnerabilidade dos sectores socioeconómicos máis relevantes. As liñas de actuación estarán

enfocadas, entre outras, á mellora da gobernanza, a mellora do coñecemento e á implantación de medidas de adaptación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/09/2018 15:18:40



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 28327**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as intencións de Portos de Galicia respecto da realización das labores de mantemento precisas no peirao de Corrubedo, no concello de Ribeira”**, (publicada no BOPG número 284 do 27 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Este asunto foi contestado na Comisión 8ª do 27 de abril de 2018 polo presidente do ente público Portos de Galicia, a través da iniciativa 28326, podendo ser consultado no seguinte enlace:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2018-04-27?
part=9de4ffec-e494-4e94-9372-5aead3a9b4ac&start=5560](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2018-04-27?part=9de4ffec-e494-4e94-9372-5aead3a9b4ac&start=5560)

Portos de Galicia, a través do persoal das Zonas e nomeadamente o equipo de celadores gardapeiraos realiza de xeito periódico inspeccións rutinarias nos portos autonómicos para coñecer o estado das súas instalacións.

Na última destas inspeccións no porto de Corrubedo, segundo informe do celador detectáronse unicamente as seguintes deficiencias: á necesidade de pintado dunha barandilla e reposición dun proxector de luz. En ambos casos tense tramitado a súa reparación.

En canto ao resto de deficiencias sinaladas na pregunta non pertencen ao ámbito competencial de Portos de Galicia por situarse fora do dominio público portuario”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:16:01



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 13:35
Nº Rexistro: 37477
Data envío: 24/09/2018 13:35:47.223

Data 24/09/2018 13:35

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 28368** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a promesa do Goberno galego de non privatizar os servizos sanitarios”**, (publicada no BOPG número 284 do 27 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 10.04.2018- polo conselleiro de Sanidade ao darlle resposta á interpelación 28365 sobre o mesmo tema”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 13:35:43



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 28565** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a denuncia da Fiscalía referida ao falecemento dunha muller no corredor de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela”**, (publicada no BOPG número 287 do 4 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Infórmase que a asistencia prestada á citada paciente realizouse conforme aos protocolos de actuación establecidos no Servizo de Urxencias. O cadro de persoal, tanto de facultativos como de persoal sanitario non facultativo, estaba ao 100% e era o establecido para a hora e quenda na que chegou a paciente a urxencias.

Con data 21 de febreiro de 2017 enviáronse os informes solicitados pola fiscalía que investiga o caso”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 16:49:48



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 13:35
Nº Rexistro: 37475

Data envío: 24/09/2018 13:35:21.175

Data 24/09/2018 13:35

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 28568** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “ **o posible nomeamento como alto cargo do Ministerio de Sanidade á actual subdirectora xeral de Farmacia**”, (publicada no BOPG número 287 do 4 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 24.04.2018- polo conselleiro de Sanidade ao darlle resposta á pregunta 29466 sobre o mesmo tema e formulada pola mesma deputada”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 13:35:18



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 29483** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García e don Marcos Cal Ogando, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da elaboración e aprobación por fases do Plan de transporte de Galicia”**, (publicada no BOPG número 296 do 25 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Plan de Transporte Público de Galicia establece as liñas estratéxicas a seguir para reordenar e mellorar o transporte público regular por estrada de Galicia, para implantar un novo modelo sostible e eficiente, que se adapte mellor ás necesidades da cidadanía.

Coa implantación da 1ª fase do Plan de Transporte Público de Galicia, en agosto de 2017, a Xunta cumpriu o prazo marcado pola Lei 10/2016, ademais de acadar o obxectivo de non deixar Galicia nin un só día sen transporte, garantindo o emprego e mellorando o servizo no rural.

O documento base da 2ª fase do Plan de Transporte Público de Galicia xa foi sometido ao primeiro dos dous procedementos de participación pública, a través dos que o conxunto da sociedade galega pode presentar as súas suxestións e propostas en relación aos principios xerais que rexerán o desenvolvemento desta 2ª fase do Plan de Transporte Público de Galicia.

Os prazos fixados para a implantación dos novos contratos de transporte teñen data de agosto e decembro de 2019, dependendo da data de remate contractual dos actuais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 13:35:10



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 29888** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia respecto da súa planificación en materia de atención ás persoas con infarto agudo de miocardio”**, (publicada no BOPG número 299 do 3 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 19.06.2018- polo conselleiro de Sanidade ao darlle resposta a interpelación 29887 sobre o mesmo tema e formulado polos/as mesmos/as deputados/as”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:15:51



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 29910** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia respecto da súa planificación en materia de atención ás persoas con infarto agudo de miocardio na extinta área sanitaria do Salnés”**, (publicada no BOPG número 299 do 3 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 19.06.2018- polo conselleiro de Sanidade ao darlle resposta a interpelación 29887 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:15:43



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 30084** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o traballo que está a desenvolver o Goberno galego en materia de educación sexual”**, (publicada no BOPG número 299 do 3 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade e a Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego través do servizo Quérote+ non deixa de apostar por traballar con mozos e mozas e os axentes implicados, sexa cal sexa a súa situación e localización. Este servizo, formado por un grupo de persoal técnico multidisciplinar e especializado, traballa día a día para seguir sendo un referente, tanto informativo como de asesoramento que sexa capaz de dar resposta ás dúbidas e demandas que ten a mocidade, especialmente naquelas cuestións que máis lles afectan, ou que máis lles preocupan.

A través deste servizo, séguese a colaborar cos concellos, centros de ensino e distintas entidades, a traballar con mozos e mozas con diversidade funcional, as súas familias e os equipos profesionais cos que están nas diferentes entidades, con mozos e mozas que teñan algunha medida xudicial e precisen unha intervención/formación específica establecida, seguimos traballando nos plans de formación profesional e impartindo prácticas profesionais nos centros, entre outras accións.

A intervención do persoal técnico do Quérote+ realízase tanto a nivel individual, como grupal e comunitario. Así mesmo, este servizo realiza probas específicas como o test de embarazo e a proba rápida do VIH no fluído oral e é centro de distribución de preservativos de balde (masculinos e femininos). Tamén é de destacar a realización de campañas específicas neste eido, tales como:

- Like pola diversidade.
- Teñamos un bo trato.

- Cultivando a autoestima.

O Goberno galego a través do servizo Quérote+ presta un servizo especializado na información e o asesoramento á mocidade, co obxectivo de abordar aquelas temáticas nas que poidan xurdir mais dúbidas e necesidade de información entre a xuventude, como son a imaxe corporal e a autoestima, a sexualidade, a convivencia entre iguais, a seguridade en internet, os consumos.

A intervención do persoal técnico do Quérote+ realízase tanto a nivel individual, como grupal e comunitario. De maneira individual, a través de consultas dos usuarios, de xeito presencial nas oficinas do Quérote+, chamadas telefónicas, preguntas en liña, mensaxería instantánea ou videochamada, nos Espazos Xove dependentes da Xunta de Galicia e no punto de información semanal na USC e na UDC. De maneira grupal, mediante accións formativas, como as que son ofertadas en todos os institutos de educación secundaria galegos, na rede de centros de xuventude Espazo Xove, nas Oficinas municipais de Información Xuvenil e a través das asociacións; e de maneira comunitaria, a través das mesas informativas, da participación en congresos e eventos de interese para a mocidade e dos programas de mediación xuvenil.

En particular, o servizo Quérote+ nos últimos anos oferta aos centros de ensino unha proposta formativa que inclúe oito obradoiros: afectividade e sexualidade, convivencia e relacións sociais, imaxe corporal e autoestima, uso das TIC`s e prevención do consumo do alcol.

Os centros Quérote+ son un servizo especializado na información e o asesoramento á mocidade que ano tras ano, os mozos e as mozas seguen a confiar no apoio que lle pode ofrecer. Así, no ano 2017 un total de 6.552 mozos e mozas formularon algunha dúbida sobre as temáticas coas que traballan no servizo (sexualidade e afectividade, imaxe corporal, convivencia no espazo físico e virtual, consumo de substancias). Das 6.552 consultas, 4.229 foron realizadas por mozas e 2.323 por mozos.

En función da vía pola que foron formuladas estas consultas temos: 3.029 foron presenciais, 1.582 telefónicas, 1.079 en liña, 858 por whatsapp e 4 por videochamada. Por temática, 4.188 consultas foron sobre sexualidade, 1.320 sobre enfermidades de transmisión sexual, 130 sobre convivencia, 35 relativas as TIC`s, 20 sobre consumo de substancias, 144 relativas imaxe corporal, 326 sobre formación, 308 sobre o servizo Quérote + en xeral e 81 sobre outros temas.



Dende os centros Quérote+ apóstase polo traballo conxunto cos diferentes axentes, e como non hai dúbida de que a familia é un dos axentes fundamentais, creouse o programa 'Redes familiares'. O equipo profesional dos centros Quérote+, a través deste programa, dan a coñecer o recurso e crean un espazo no que nais e pais poidan expresar as súas inquedanzas, dúbidas e dificultades, no que se poida aprender conxuntamente, e que todas e todos poidan reflexionar sobre as diferentes temáticas que se establecen en cada unha das sesións.

Este programa de Redes familiares divídese en varios bloques: sexualidade; orientación do desexo e identidade sexual; imaxe corporal e autoestima; convivencia, prevención de condutas violentas; cyberseguridade; e drogas. Ao longo do 2017, o servizo Quérote+ impartiu un total de 16 obradoiros no bloque de sexualidade, sumando 348 participantes.

Así mesmo, tamén ten posto en marcha un programa específico de formación en educación sexual para entidades de persoas con diversidade funcional que recolle unha formación a tres niveis: usuarios/as, profesionais e familias. Neste programa específico, no 2017 o servizo Quérote+ impartiu un total de 40 obradoiros sumando 347 participantes.

Entre os programas que desenvolve o servizo Quérote+, destaca o programa Quérete+, un programa que ten como obxectivo contribuír ao coñecemento, aceptación e vivenciación da sexualidade do xeito máis pracenteiro e satisfactorio posible, promovendo así a vivencia libre da sexualidade e da construción da propia biografía como seres sexuados. Os seus obxectivos específicos son os que seguen:

- Transmitir a concepción da sexualidade dun xeito plural, de respectar á diversidade, de aceptar a igualdade dentro da diferenza, a explorar os nosos medos e a potenciar as nosas fortalezas, os noso desexos, de buscar o pracer de xeito construtivo e duradeiro, e ser responsables das nosas condutas.
- Promover o respecto á diversidade, o dereito á diferenza sexual, o respecto polos sexos e a valoración positiva dos mesmos.
- Apoiar e asesorar na resolución das dificultades no eido da sexualidade que actualmente inciden na sociedade (embarazos non desexados, infeccións de transmisión sexual, homofobia, transfobia, situacións de desigualdade, etc.)

- Promover as habilidades que fomenten a convivencia entre os sexos.
- Informar e asesorar no tocante ás prácticas eróticas, contribuíndo a aclarar tabús e falsos mitos.
- Promover actitudes positivas fronte as diversidades e peculiaridades sexuais, aportando elementos clarificadores e información para a comprensión de feitos habituais no noso día a día (orientación do desexo, identidade sexual, gustos e desexos, etc.).

O modo de acadar estes obxectivos é a través das seguintes accións:

- A través do servizo de consultoría: presencial, telefónica, en liña, mensaxería instantánea (Whatsapp//Telegram) e videochamada (Skype)
- Impartición de obradoiros para mozos e mozas
- Impartición de obradoiros para familias e profesionais
- Elaboración e posta en marcha de campañas específicas
- Elaboración de materiais divulgativos e formativos
- A través das redes sociais con información de interese

No ámbito educativo, ao longo do curso académico 2017/2018 un total de 207 centros educativos participaron na oferta formativa do servizo Quérote+, chegando a 10.602 mozos e mozas de 14 a 16 anos.

Dos 207 centros educativos, 39 participaron a través do Plan Proxecta con 163 profesores e 1.735 mozos e mozas implicados; e 168 centros solicitaron directamente a intervención deste servizo, chegando a 390 obradoiros e 8.867 mozos e mozas participantes. Estes obradoiros foron de 100 minutos de duración e as temáticas as seguintes: afectividade e sexualidade, convivencia e relacións sociais, imaxe corporal e autoestima, uso das TIC`s e prevención do consumo do alcol.

No obradoiro de afectividade e sexualidade os profesionais que o impartiron centrárono no desmantelamento de mitos, estereotipos e falsas crenzas presentes na sexualidade, en especial na erótica e na amatoria, favorecer a autonomía reflexiva e construtiva da mocidade na construción da súa propia identidade, estimular a valoración crítica dos mozos e mozas no



acceso e análise da información sobre sexualidade, e favorecer a adquisición de habilidades comunicativas e de relacións asertivas.

A Xunta de Galicia valora positivamente a intervención do servizo Quérote + en materia sexual e afectivo sexual, un servizo de información e o asesoramento á mocidade que ano tras ano, os mozos e as mozas seguen a confiar no apoio que lle pode ofrecer, tal como se desprende do incremento de consultas neste ámbito

Por outra banda, a Consellería de Sanidade desenvolveu un Programa educativo de prevención de sida nos centros de ensino secundario de Galicia, elaborado dentro dun proxecto de innovación financiado pola Unión Europea (UE) e no marco dunha óptica de educación afectivo sexual. Este material está dispoñible na páxina web <https://www.sergas.es/Saude-publica/Temas-transversais> para que o profesorado interesado en traballar esta temática nas súas aulas poida descargarse libremente este material.

Desde o curso 2016-2017, o Plan galego anti VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual (ITS), da Consellería de Sanidade, oferta materiais dentro do Programa Xente con Don, incluído no Plan Proxecta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. O obxectivo da creación e oferta deste programa é promover o uso destes materiais nos centros de ensino secundario de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 13:35:03



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 30190**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez, don Raúl Fernández Fernández e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para acordar a transformación das Casas da Xuventude en Espazos Emprende”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os Espazos Emprende son unha das iniciativas incluídas no proxecto Catalizador de oportunidades de emprego e emprendemento xove transfronteirizo (acrónimo LIDERA), aprobado ao abeiro do programa Interreg V A España Portugal 2014-2020 (POCTEP), sendo o socio beneficiario principal do mesmo a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Os Espazos Emprende non supoñen unha transformación das Casas da Xuventude, actuais Espazos Xove. Son un recurso máis a disposición dos mozos e mozas no ámbito dos Espazos Xove que lle pode axudar a impulsar os seus proxectos de inserción sociolaboral e converter deste xeito á xuventude no maior activo para o desenvolvemento local.

Trátase dun espazo, dentro dos Espazos Xove, que a xuventude poderá empregar para a realización de actividades, asesoramento ou acción relativa á empregabilidade ou ao emprendemento (asesoramento aos emprendedores na posta en marcha dos seus proxectos) e á ampliación, mellora e mantemento de iniciativas emprendedoras.

Con esta iniciativa preténdese establecer espazos de encontro, de coñecemento, de información e tamén de formación en habilidades, co obxectivo de fomentar a participación e o emprendemento da mocidade; formar en habilidades transversais; dotar aos mozos/as de ferramentas sinxelas que lles permitan mellorar e seguir avanzando no seu itinerario persoal e profesional; propiciar o liderado da xente moza; e proactivar cara á formación activa.

O Espazo Emprende en ningún caso ocupa a totalidade dos inmobles dos Espazos Xove senón só unha sala, ou dúas con carácter excepcional segundo a demanda dos mozos e mozas. Esta iniciativa en ningún momento substitúe e/ou anula a programación de actividades dos Espazos Xove nin supón unha

modificación do uso destes, non interfiren no funcionamento ordinario nin no desenvolvemento das actividades que organizan os Espazos Xoves, constituíndose en usos perfectamente compatibles.

Trátase dun recurso máis a disposición dos mozos e mozas dentro do horario e funcionamento normal do Espazo Xove, no que poderán recibir asesoramento e formación, ben en grupo, ben de xeito individual, nos días e no horario establecido. Un recurso máis de apoio aos proxectos e actividades impulsados e desenvolvidos pola xuventude.

A posta en marcha desta nova iniciativa non supón a creación de novas prazas de persoal nas Casas da Xuventude, pois as actividades que se desenvolven nas mesmas (asesoramento personalizado, coaching, encontros sectoriais...) serán financiadas con cargo a partida para a contratación de servizos e expertos externos incluída no proxecto Lidera.

A posta a disposición da xuventude galega dos Espazos Emprende non supón unha insuficiencia de centros de emprendemento para a mocidade en Galicia. Reitérase que se trata dun recurso máis a disposición dos mozos e mozas, co elemento do acompañamento persoal que existe nos Espazos Emprende como elemento diferenciador dos centros de emprendemento.

O Espazo Xove de Ourense segue a ser xestionado como un punto de encontro dos mozos e mozas da cidade e provincia de Ourense. Baixo a xestión da súa dirección, realízanse actividades propias impulsadas polo propio Espazo (principalmente, actividades de dinamización cultural), actividades impulsadas dende a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e iniciativas promovidas por distintas entidades e asociacións xuvenís e culturais da cidade e provincia de Ourense.

O Espazo Xove de Ourense conta cun regulamento de réxime interior que serve de base para autorizar calquera tipo de actividade na casa. Neste sentido, as salas son para o uso e lecer, sen ánimo lucrativo, dos mozos e mozas de, preferentemente, entre 14 e 35 anos. Así, xa nas propias solicitudes infórmase de que os criterios de admisión para o uso das diversas salas son:

- A franxa de idade dos usuarios/as (de 14 a 35 anos).
- A orde de entrada de solicitude.
- O número de usuarios, procurando que o número de usuarios se adopte ó espazo da actividade que solicita.
- O compromiso de asistencia (en caso de que non avisen da ausencia ou falten de forma non xustificada durante 15 días se desestimarás a solicitude).



• Igualmente, recóllese a prioridade das actividades propias do Espazo Xove ou da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, pero sempre procúrase evitar causar calquera tipo de prexuízo ós usuarios.

No caso do polideportivo, que permite que os rapaces e rapazas practiquen deporte sen desembolso económico, o pasado mércores 27 de xuño tivo lugar unha reunión entre todos os grupos que fixeran solicitudes para o actual curso 2018/2019, co fin de intentar adaptar o seu uso ás necesidades dos grupos. Desta reunión, podemos dicir que as peticións e demandas foron atendidas practicamente por completo, seguindo sempre os criterios que rexen o funcionamento do Espazo Xove.

A ubicación do Punto de Encontro Familiar dentro das instalacións do Espazo Xove de Ourense responde a un criterio de optimización de recursos por parte da administración autonómica. Trátase de servizos compatibles que se prestan sen interferencias nunhas instalacións públicas cuxa organización e espazo permiten a ubicación de ambos.

Considérase axeitada a ubicación actual do Punto de Encontro Familiar na primeira planta do Espazo Xove de Ourense xa que non interfere no funcionamento ordinario nin no desenvolvemento das actividades que organiza este, constituíndose en usos perfectamente compatibles. É de destacar que non consta ningunha queixa dos usuarios tanto do Espazo Xove como do Punto de Encontro Familiar respecto da súa ubicación, máis ben ao contrario, constando a satisfacción das familias pola localización máis céntrica do servizo.

Ata setembro de 2018 leváronse a cabo diversas actividades no Espazo Xove de Ourense, así:

- Reunión de traballo de presentación do borrador de Decreto de desenvolvemento do Título II da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia. (20 de abril)
- World Café para a elaboración do novo Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia (14 de abril).
- Incubadora de proxectos: obradoiro práctico de información e asesoramento sobre as convocatorias da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado no ámbito da educación non formal (13 de abril).
- Acción formativa Lidérate: desenvolvemento persoal para o emprego e o emprendemento (2 de maio), no marco do proxecto Lidera.
- 24 horas teatrais (23 e 24 de marzo)
- Obradoiros sobre diversas temáticas:
 - Microteatro (16 de febreiro)
 - Carteis mulleres e arte (16 de marzo)

Fotografía (8, 15,22, 29 de maio; e 5 e 12 de xuño)

Zumba (19 e 26 de abril; 3, 10, 24 e 31 de maio; e 7 de xuño).

Masterclass de zumba (30 de xuño)

Guitarra (sábados dende o 14 de abril ao 30 de xuño)

Pintura rápida (do 25 de abril ao 30 de maio)

Traballando as emocións (11, 15, 18 e 22 de setembro)

Robótica (20 de setembro)

A partir do mes de outubro están previstas as seguintes actividades:

- IV edición do programa Xestión e dirección de proxectos de participación xuvenil (segunda quincena do mes de outubro)

- No Espazo Emprende no marco do proxecto Lidera:

- 2 Encontros sectoriais a pequena escala onde os mozos e mozas e os distintos actores do territorio poderán establecer unha dinámica de diálogo e coñecemento mutuo que impulse a aparición de oportunidades en distintos eidos.
- Sesións formativas e coaching grupais e individualizadas.

- Conversa en inglés (de outubro a decembro)

- Obradoiro de iniciación á guitarra (de outubro a decembro)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 16:49:41



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 30191**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez, don Raúl Fernández Fernández e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia respecto da xestión que se ven levando a cabo da Casa da Xuventude de Ourense”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os Espazos Emprende son unha das iniciativas incluídas no proxecto Catalizador de oportunidades de emprego e emprendemento xove transfronteirizo (acrónimo LIDERA), aprobado ao abeiro do programa Interreg V A España Portugal 2014-2020 (POCTEP), sendo o socio beneficiario principal do mesmo a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Os Espazos Emprende non supoñen unha transformación das Casas da Xuventude, actuais Espazos Xove. Son un recurso máis a disposición dos mozos e mozas no ámbito dos Espazos Xove que lle pode axudar a impulsar os seus proxectos de inserción sociolaboral e converter deste xeito á xuventude no maior activo para o desenvolvemento local.

Trátase dun espazo, dentro dos Espazos Xove, que a xuventude poderá empregar para a realización de actividades, asesoramento ou acción relativa á empregabilidade ou ao emprendemento (asesoramento aos emprendedores na posta en marcha dos seus proxectos) e á ampliación, mellora e mantemento de iniciativas emprendedoras.

Con esta iniciativa preténdese establecer espazos de encontro, de coñecemento, de información e tamén de formación en habilidades, co obxectivo de fomentar a participación e o emprendemento da mocidade; formar en habilidades transversais; dotar aos mozos/as de ferramentas sinxelas que lles permitan mellorar e seguir avanzando no seu itinerario persoal e profesional; propiciar o liderado da xente moza; e proactivar cara á formación activa.

O Espazo Emprende en ningún caso ocupa a totalidade dos inmobles dos Espazos Xove senón só unha sala, ou dúas con carácter excepcional segundo a demanda dos mozos e mozas. Esta iniciativa en ningún momento substitúe e/ou anula a programación de actividades dos Espazos Xove nin supón unha

modificación do uso destes, non interfiren no funcionamento ordinario nin no desenvolvemento das actividades que organizan os Espazos Xoves, constituíndose en usos perfectamente compatibles.

Trátase dun recurso máis a disposición dos mozos e mozas dentro do horario e funcionamento normal do Espazo Xove, no que poderán recibir asesoramento e formación, ben en grupo, ben de xeito individual, nos días e no horario establecido. Un recurso máis de apoio aos proxectos e actividades impulsados e desenvolvidos pola xuventude.

A posta en marcha desta nova iniciativa non supón a creación de novas prazas de persoal nas Casas da Xuventude, pois as actividades que se desenvolven nas mesmas (asesoramento personalizado, coaching, encontros sectoriais...) serán financiadas con cargo a partida para a contratación de servizos e expertos externos incluída no proxecto Lidera.

A posta a disposición da xuventude galega dos Espazos Emprende non supón unha insuficiencia de centros de emprendemento para a mocidade en Galicia. Reitérase que se trata dun recurso máis a disposición dos mozos e mozas, co elemento do acompañamento persoal que existe nos Espazos Emprende como elemento diferenciador dos centros de emprendemento.

O Espazo Xove de Ourense segue a ser xestionado como un punto de encontro dos mozos e mozas da cidade e provincia de Ourense. Baixo a xestión da súa dirección, realízanse actividades propias impulsadas polo propio Espazo (principalmente, actividades de dinamización cultural), actividades impulsadas dende a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e iniciativas promovidas por distintas entidades e asociacións xuvenís e culturais da cidade e provincia de Ourense.

O Espazo Xove de Ourense conta cun regulamento de réxime interior que serve de base para autorizar calquera tipo de actividade na casa. Neste sentido, as salas son para o uso e lecer, sen ánimo lucrativo, dos mozos e mozas de, preferentemente, entre 14 e 35 anos. Así, xa nas propias solicitudes infórmase de que os criterios de admisión para o uso das diversas salas son:

- A franxa de idade dos usuarios/as (de 14 a 35 anos).
- A orde de entrada de solicitude.
- O número de usuarios, procurando que o número de usuarios se adopte ó espazo da actividade que solicita.
- O compromiso de asistencia (en caso de que non avisen da ausencia ou falten de forma non xustificada durante 15 días se desestimarás a solicitude).

• Igualmente, recóllese a prioridade das actividades propias do Espazo Xove ou da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, pero sempre procúrase evitar causar calquera tipo de prexuízo ós usuarios.

No caso do polideportivo, que permite que os rapaces e rapazas practiquen deporte sen desembolso económico, o pasado mércores 27 de xuño tivo lugar unha reunión entre todos os grupos que fixeran solicitudes para o actual curso 2018/2019, co fin de intentar adaptar o seu uso ás necesidades dos grupos. Desta reunión, podemos dicir que as peticións e demandas foron atendidas practicamente por completo, seguindo sempre os criterios que rexen o funcionamento do Espazo Xove.

A ubicación do Punto de Encontro Familiar dentro das instalacións do Espazo Xove de Ourense responde a un criterio de optimización de recursos por parte da administración autonómica. Trátase de servizos compatibles que se prestan sen interferencias nunhas instalacións públicas cuxa organización e espazo permiten a ubicación de ambos.

Considérase axeitada a ubicación actual do Punto de Encontro Familiar na primeira planta do Espazo Xove de Ourense xa que non interfere no funcionamento ordinario nin no desenvolvemento das actividades que organiza este, constituíndose en usos perfectamente compatibles. É de destacar que non consta ningunha queixa dos usuarios tanto do Espazo Xove como do Punto de Encontro Familiar respecto da súa ubicación, máis ben ao contrario, constando a satisfacción das familias pola localización máis céntrica do servizo.

Ata setembro de 2018 leváronse a cabo diversas actividades no Espazo Xove de Ourense, así:

- Reunión de traballo de presentación do borrador de Decreto de desenvolvemento do Título II da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia. (20 de abril)
- World Café para a elaboración do novo Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia (14 de abril).
- Incubadora de proxectos: obradoiro práctico de información e asesoramento sobre as convocatorias da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado no ámbito da educación non formal (13 de abril).
- Acción formativa Lidérate: desenvolvemento persoal para o emprego e o emprendemento (2 de maio), no marco do proxecto Lidera.
- 24 horas teatrais (23 e 24 de marzo)
- Obradoiros sobre diversas temáticas:
 - Microteatro (16 de febreiro)
 - Carteis mulleres e arte (16 de marzo)

Fotografía (8, 15,22, 29 de maio; e 5 e 12 de xuño)

Zumba (19 e 26 de abril; 3, 10, 24 e 31 de maio; e 7 de xuño).

Masterclass de zumba (30 de xuño)

Guitarra (sábados dende o 14 de abril ao 30 de xuño)

Pintura rápida (do 25 de abril ao 30 de maio)

Traballando as emocións (11, 15, 18 e 22 de setembro)

Robótica (20 de setembro)

A partir do mes de outubro están previstas as seguintes actividades:

- IV edición do programa Xestión e dirección de proxectos de participación xuvenil (segunda quincena do mes de outubro)

- No Espazo Emprende no marco do proxecto Lidera:

- 2 Encontros sectoriais a pequena escala onde os mozos e mozas e os distintos actores do territorio poderán establecer unha dinámica de diálogo e coñecemento mutuo que impulse a aparición de oportunidades en distintos eidos.
- Sesións formativas e coaching grupais e individualizadas.

- Conversa en inglés (de outubro a decembro)

- Obradoiro de iniciación á guitarra (de outubro a decembro)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 16:49:34



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 30446**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona María Dolores Toja Suárez, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para non intervir co fin de evitar a conflictividade existente na Confraría de Pescadores de Carril”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Este asunto foi contestado na Comisión 8ª do 25 de maio de 2018 pola directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, a través da resposta a iniciativa 30447. Pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2018-05-25?part=d1a3392f-4787-4b45-ac23-bf0aa791b916&start=2575>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:15:35



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 30507** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego dos problemas sinalados polo colectivo de mulleres afectadas polo uso do dispositivo intrauterino Essure”**, (publicada no BOPG número 305 do 16 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde está en contacto coa plataforma de afectadas para coñecer de primeira man as súas inquietudes co fin de dar a mellor resposta ás súas necesidades.

Todos os servizos de xinecoloxía do Servizo Galego de Saúde poden atender a estas mulleres e realizar a intervención, de ser clinicamente indicada, como así se está a facer na actualidade.

Existe un protocolo de consenso da Sociedade Española de Xinecoloxía e Obstetricia como referencia. No ámbito do Sergas un grupo de expertos elaborará un protocolo propio.

O Sergas dispón de medios humanos suficientes tanto en atención primaria, como en atención hospitalaria (servizos de xinecoloxía, anatomía patolóxica e radiodiagnóstico), para prestar atención sanitaria a estas afectadas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:15:27



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 30534** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Sergas para prohibir o uso do Centro de Saúde de Cerdido para exposicións ou calquera outro fin que non teña carácter meramente asistencial”**, (publicada no BOPG número 305 do 16 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Os espazos sanitarios públicos da área sanitaria de Ferrol están vencellados a actividades relacionadas co ámbito sanitario.

Non constan solicitudes para empregar espazos públicos sanitarios para actividades non sanitarias no Centro de Saúde de Cerdido”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:15:20



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 30677** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a posibilidade do Goberno Galego de garantir o mesmo nivel de atención sanitaria en Galicia durante os meses de verán que no resto do ano”**, (publicada no BOPG número 305 do 16 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde leva a cabo unha planificación sobre cal será a ocupación prevista de camas durante a época de verán tanto por ingresos médicos como os derivados da actividade cirúrxica. Esta planificación elabórase tras un estudo no que se ten en conta a frecuentación das distintas áreas hospitalarias e en cada área sanitaria concreta, en períodos similares anteriores.

No caso de hospitalización, mantéñense operativos un 10-12 % máis de recursos dos que se prevé que van ser necesarios e o resto estarán dispoñibles en todo momento.

En resumen, a adecuación dos recursos asistenciais expónse como un conxunto de medidas de xestión que, garantindo a asistencia sanitaria aos usuarios, adáptase á realidade estival e preserva a eficiencia do noso sistema sanitario (como é obrigado nun sistema público)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:15:12



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 30712**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da defensa polo Goberno central dos intereses dos mariñeiros galegos que traballaron en buques de Noruega ata o ano 1994”**, (publicada no BOPG número 305 do 16 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia é coñecedora da prolongada situación inxusta que padecen as persoas que integran a asociación Long Hope e, en consecuencia, ten desenvolvido un rol activo para apoiar as metas do colectivo, sempre no marco das súas competencias.

O ente autonómico considera que os mariñeiros da Asociación Long Hope teñen todo o dereito a percibir a pensión de xubilación por ter exercido a actividade pagando os seus impostos, atendendo aos principios de igualdade e non discriminación dos traballadores.

Ante a reiterada negativa de Noruega a atender esta reclamación dos afectados, no 2009 a Xunta de Galicia iniciou unha serie de actuacións encamiñadas á defensa destes mariñeiros galegos, de xeito que:

- O problema foi trasladado pola conselleira do Mar, ao responsable do Instituto Social da Mariña, dado que se trataba dun asunto que transcendía as competencias autonómicas.
- A conselleira tamén deu conta da situación á entón comisaria de Pesca e Asuntos Marítimos, María Damanaki, coa fin de conseguir o seu apoio na defensa dos intereses destes mariñeiros.
- Ademais, e a petición do Grupo Parlamentario do PPdeG na Cámara galega, as responsables de Mar e Trballo da Xunta mantiveron un encontro cós afectados.

- Por último, en todo momento deuse traslado dos acordos parlamentarios ao Goberno do Estado.

Trala consideración da Xunta de Galicia respecto de que os mariñeiros da asociación Long Hope teñen todo o dereito a percibir a pensión de xubilación por ter exercido a actividade pagando os seus impostos, atendendo aos principios de igualdade e non discriminación dos traballadores, o Consello da Xunta deu o visto bo para a sinatura de dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Asociación Long Hope, de cara a financiar os gastos nos que incorra o colectivo na defensa do recoñecemento da pensión de xubilación polo sistema noruegués”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 13:34:55



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 37389
Data envío: 24/09/2018 09:14:57.453

Data 24/09/2018 09:14

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 30740** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da atención sanitaria que se está a prestar na comarca do Salnés”**, (publicada no BOPG número 305 do 16 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A dotación dos recursos humanos e materiais da comarca do Salnés é o resultado dunha planificación sanitaria funcional realizada en base á poboación a atender, desde o punto de vista da promoción da saúde, prevención das enfermidades, atención sanitaria das doenzas e rehabilitación da saúde.

En canto aos recursos materiais as necesidades son atendidas a través do plan de necesidades anual de cada un dos centros sanitarios.

En xeral pódese considerar a atención sanitaria na comarca do Salnés como satisfactoria xa que os recursos sanitarios ofertados, tanto humanos como materiais, son o resultado dunha planificación funcional elaborada no seu momento para cada un dos centros sanitarios existentes na comarca, para dar resposta á poboación que teñen de referencia. Esta planificación sanitaria irase revisando segundo a evolución demográfica que se produza na comarca.

En xeral a comarca do Salnés non ten ningún problema sanitario específico que a diferencie do resto do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. A dispersión e envellecemento da poboación son factores que dificultan e agravan a atención da poboación desde o punto de vista sanitario.

páxina 1 de 2

Para a atención no Salnés das persoas afectadas por infarto agudo de miocardio que precisan ser trasladadas, utilízanse as ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado con base en Pontevedra, nos meses de verán coa de Sanxenxo e os helicópteros de soporte vital avanzado fundamentalmente con base en Santiago.

Cando non se poden realizar os traslados cos medios que dispón 061 por estar ocupados noutros servizos utilízase a ambulancia asistencial de soporte vital avanzado para traslados interhospitalarios dos pacientes graves que ten o hospital do Salnés”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:14:54



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 30786** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o coñecemento polo Goberno das demandas do persoal do servizo de transporte sanitario terrestre**”, (publicada no BOPG número 305 do 16 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego é coñecedor de que as centrais sindicais dos traballadores das ambulancias asistenciais do transporte sanitario urxente terrestre concertada pola FPUSG-061 están a demandar a negociación do Convenio Colectivo para as empresas e traballadores de transporte de enfermos e accidentados en ambulancia na Comunidade Autónoma de Galicia prorrogado desde o ano 2016.

Tal como establece a lexislación laboral e social vixentes son os adxudicatarios, en relación ao seu persoal, os que ostentarán todos os dereitos e obrigas inherentes á súa condición de empresarios, sen que en ningún caso poida alegarse por dito persoal dereito algún en relación á Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 ou á Consellería de Sanidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:14:46



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 30808** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto do grao de cumprimento en Galicia da Lei 42/2010, pola que se modifica a Lei 28/2005, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, o subministro, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco”**, (publicada no BOPG número 305 do 16 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 30.05.2018- polo director xeral de Saúde Pública ao darlle resposta a pregunta 30809 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:14:39



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 31030** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a avaliación do Goberno galego respecto do grao de cumprimento do Plan de accesibilidade turística de Galicia”**, (publicada no BOPG número 309 do 23 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A avaliación que fai o Goberno do grao de cumprimento do plan é moi positivo posto que se avanza nun dos piares do Plan Estratéxico de Turismo de Galicia, a accesibilidade, de cara a seguir a traballar por ser un destino inclusivo. Cómpre salientar que o Plan de Accesibilidade Turística de Galicia foi dos primeiros en elaborarse do noso país.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:14:19



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 31040** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“as razóns do Goberno galego para reducir o número de prazas de enfermería no Centro de Saúde de Toén”**, (publicada no BOPG número 309 do 23 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Coincidindo coa xubilación dun dos dous enfermeiros asignados ao Centro de Saúde de Toén, e tendo en conta que a data de hoxe este centro conta con 1.602 usuarios, a cobertura desta praza vincularase ao Centro de Saúde da Valenzá (que forma parte do mesmo Servizo), co cal esta praza non vai ser amortizada.

A poboación de Toén diminuíu significativamente nos últimos anos, e a da Valenzá está en aumento, polo que esta reordenación responde ao criterio de dispoñer de máis recursos onde son máis necesarios, en función dunha maior demanda asistencial.

Con esta medida, A Valenzá pasará de seis a sete enfermeiras (cunha media de 1.540 usuarios/enfermeira) e Toén continuará axeitadamente atendido con dous médicos e unha enfermeira, que contará con reforzo en períodos de maior actividade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:14:11



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 31328**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez, dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación cos datos do Instituto Galego de Estatística referidos ao incremento da taxa de accidentes laborais na pesca entre os anos 2015 e 2016”**, (publicada no BOPG número 312 do 30 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Consellería do Mar sinalase que mentres existan accidentes marítimos, particularmente con vítimas, non cesará o traballo das Administracións, neste caso da Xunta de Galicia, para que estes deixen de ter lugar.

Agora ben, non todas as embarcacións sinistradas nas costas galegas son buques pesqueiros galegos, xa que eses datos referidos na formulación da pregunta están tamén a incluír barcos mercantes, barcos de lecer, barcos pesqueiros con outras bandeiras... Incluso mesmo porque estamos a falar de sinistros ocorridos a unhas distancias nas que pode haber dúbidas da competencia para os rescates.

Ao Goberno de Galicia preocúpalle e ocúpalle a seguridade dos nosos mariñeiros, e a pesar de que a seguranza marítima non é unha competencia autonómica exclusiva, son moitas as políticas que se levan a cabo para que se mellore a súa situación.

Concretamente, afondando nestas medidas, todos os anos se convocan axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para propietarios de buques pesqueiros, cofinanciadas co FEMP, onde se inclúen medidas para investimentos a bordo dos buques, para a mellora da habitabilidade ou das condicións de seguridade.

Algúns dos investimentos que poden ser subvencionables son:

a) balsas salvavidas; b) unidades de destrinca hidrostática para balsas salvavidas; c) radio balizas de localización persoal que, como as radiobalizas de localización de sinistros (RBLS), poidan integrarse nos chalecos salvavidas e na roupa de traballo dos pescadores; d) dispositivos de flotación persoal, especialmente través de inmersión ou de supervivencia e aros e chalecos salvavidas; e) bengalas para sinais de socorro; f) aparece los lanzacabos; g) sistemas de salvamento en caso de home á auga; h) dispositivos de loita contra incendios, como extintores, mantas ignífugas, detectores de fume ou lume e aparellos de respiración; i) portas antifumes; j) válvulas de peche do depósito de combustible; k) detectores

de gas e sistemas de alarma de gas; l) bombas de achique e alarmas; m) equipamentos de radio e de comunicacións por satélite; n) zapóns e portas estancas; o) garda máquinas como chigres ou estibadores de rede; p) pasarelas e escaleiras de acceso; q) iluminación de cuberta, de emerxencia ou para procuras; r) mecanismos de seguridade para os casos en que as artes de pesca queden bloqueadas por algún obstáculo situado por debaixo da superficie; s) monitores e cámaras de seguridade; t) equipamentos e demais elementos necesarios para mellor a seguridade da cuberta.

No ano 2016 destináronse 900.000 € e presentáronse un total de 66 solicitudes, para axudas a investimentos que melloren a hixiene a bordo, a seguridade e que busquen a mellora das condicións laborais.

Con respecto ao ano 2017, destináronse 272.000 €, e presentándose só 52 solicitudes, por un importe total de inversión de 1,5 M €.

Sinalar que para os anos 2016 e 2017 foron atendidas absolutamente todas as peticións que cumprían os requisitos.

Para este ano, este Departamento dedicou preto de 1 millóns de euros, logo dunha ampliación de crédito (sendo inicialmente de 571.000 euros e ampliándose en máis de 467.000 euros no mes de agosto).

O obxecto deste tipo de axudas é fomentar investimentos que, entre outros aspectos permitan limitar o impacto da pesca no medio mariño e protexer as especies, melloren as condicións de traballo e seguridade dos buques, e por último, estean relacionados coa eficiencia enerxética e a mitigación do cambio climático.

En definitiva, a Consellería do Mar optou por esta vía para a introdución das melloras na seguridade xa que era a única forma de poder subvencionar a súa instalación. Un dos requisitos que se establecen no FEMP é que non se trate de esixencias da normativa, polo que ten que ser a voluntariedade do sector a que o acerque”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:13:57



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 31359** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os prexuízos que lle está a ocasionar aos doentes e aos profesionais do Centro de Saúde de Cambados a decisión do Goberno galego de pechar o centro pola tarde durante o verán”**, (publicada no BOPG número 312 do 30 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“As ausencias dos profesionais do Centro de Saúde de Cambados, están a cubrirse cos mesmos criterios que en calquera outro Centro de Saúde, e que garanten unha asistencia e accesibilidade adecuada á poboación.

A escaseza de Médicos de Familia e Pediatras é unha circunstancia coñecida por todos e que afecta non só á nosa área sanitaria ou a nosa Comunidade Autónoma, senón a todas as Comunidades Autónomas.

A pesar disto, desde a Xerencia faise o esforzo, cada día en implementar medidas organizativas que ademais de garantir a asistencia, permitan o goce de vacacións dos nosos profesionais.

Desde o ano 2012, durante o período de verán, a solicitude de ‘todos’ os médicos de cabeceira do Centro de Saúde a atención ordinaria realízase en horario de mañá (de 8 a 15 h.) o que permite a autoxestión das ausencias por vacacións do Centro.

A intersubstitución dos profesionais dun Servizo de Atención Primaria, realízase de forma similar a como se realiza nun servizo de calquera outra especialidade hospitalaria.

Lembrar que o Punto de Atención Continuada (PAC) de Cambados mantén a súa actividade en horario de 15 a 8 horas e durante 24 horas os fins de semana e festivos. Neste sentido, as

cifras de actividade de atención de urxencias extrahospitalarias do PAC revelan que atende unha media diaria de 70-80 pacientes e, concretamente, en xullo e agosto dita media increméntase levemente ata os 74-84 pacientes.

Os datos oficiais do SERGAS reflicten que, cada ano, o 80% do incremento de asistencias estivais neste PAC cambadés coincide exclusivamente coa fin de semana de celebración da Festa do Albariño en agosto- cando a media de atención urxente se duplica- volvendo ás cifras moderadas de actividade habitual durante o resto do verán”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:13:50



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 13:34
Nº Rexistro: 37470
Data envío: 24/09/2018 13:34:48.581

Data 24/09/2018 13:34

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 31539** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as razóns do Goberno galego para non cubrir as vacacións e permisos do persoal do Centro de Saúde de Cambados”**, (publicada no BOPG número 316 do 6 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“As ausencias dos profesionais do Centro de Saúde de Cambados, están a cubrirse cos mesmos criterios que en calquera outro Centro de Saúde, e que garanten unha asistencia e accesibilidade adecuada á poboación.

A escaseza de Médicos de Familia e Pediatras é unha circunstancia coñecida por todos e que afecta non só á nosa área sanitaria ou a nosa Comunidade Autónoma, senón a todas as Comunidades Autónomas.

A pesar disto, desde a Xerencia faise o esforzo, cada día en implementar medidas organizativas que ademais de garantir a asistencia, permitan o goce de vacacións dos nosos profesionais.

Desde o ano 2012, durante o período de verán, a solicitude de ‘todos’ os médicos de cabeceira do Centro de Saúde a atención ordinaria realízase en horario de mañá (de 8 a 15 h.) o que permite a autoxestión das ausencias por vacacións do Centro.

A intersubstitución dos profesionais dun Servizo de Atención Primaria, realízase de forma similar a como se realiza nun servizo de calquera outra especialidade hospitalaria.

Lembrar que o Punto de Atención Continuada (PAC) de Cambados mantén a súa actividade en horario de 15 a 8 horas e durante 24 horas os fins de semana e festivos. Neste sentido, as cifras de actividade de atención de urxencias extrahospitalarias do PAC revelan que atende unha media diaria de 70-80 pacientes e, concretamente, en xullo e agosto dita media incrementábase levemente ata os 74-84 pacientes.

Os datos oficiais do SERGAS reflicten que, cada ano, o 80% do incremento de asistenciais estivais neste PAC cambadés coincide exclusivamente coa fin de semana de celebración da Festa do Albariño en agosto- cando a media de atención urxente se duplica- volvendo ás cifras moderadas de actividade habitual durante o resto do verán”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 13:34:39



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 37380
Data envío: 24/09/2018 09:13:45.905

Data 24/09/2018 09:13

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 31545** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Consellería de Sanidade respecto da posta en marcha do servizo de pediatría no concello de Baralla”**, (publicada no BOPG número 316 do 6 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Centro de Saúde de Baralla conta con 3 médicos de cabeceira (media 850 TIS), 2 enfermeiros e 2 persoas de servizos xerais.

Ten asociadas 2692 Tarxetas Sanitarias, das que 142 corresponden a menores.

A asistencia pediátrica do municipio de Baralla lévase a cabo no Centro de Saúde do Corgo pola pediatra de área, os luns e mércores, en horario de 8:00 a 15:00 horas, e sen demoras para atención tanto de demanda como controles do neno san.

O resto dos días os nenos e nenas son atendidos no propio centro de Saúde de Baralla polos médicos de cabeceira que están totalmente capacitados para realizar dita tarefa, e se este considera que debe se visto por un pediatra a derivación faise inmediata (Becerréa, Láncara, Fingoi).

A Unidade de Atención Primaria de Baralla conta cunha carteira de servizos onde se inclúe atención adolescente/adulto/ancián, atención ao paciente crónico, domiciliaria, cirurxía menor, control de tratamento con anticoagulantes orais (SINTROM), tramitación administrativa...

páxina 1 de 2

CVE-PREPAR: 6a01dd56-bcf3-4ed1-06a3-0a195bb44726

A atención durante as 15:00 ata as 8:00 horas do día seguinte, domingos e festivos préstase no PAC do Corgo a 15 Km de distancia e unha duración aproximada da viaxe de 16 minutos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:13:43



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 31548**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez, e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as medidas concretas previstas polo Goberno galego para evitar a perda de peso do sector pesqueiro fronte á competencia internacional”**, (publicada no BOPG número 316 do 6 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O sector da transformación dos produtos do mar e, en especial, do conxelado e da conserva é uno dos principais motores de crecemento económico de Galicia pola súa fortaleza.

Neste marco, o volume de importacións de Galicia concentra a maior parte da industria pesqueira de España e da Eurozona. Unha premisa que se corresponde coa necesidade de abastecer o alto nivel da actividade galega e de cubrir as súas necesidades de materia prima. É por iso que foi e é necesario aumentar as compras de produtos del mar no exterior, o que obedece ás capturas que realiza a flota galega noutros países (como é o caso dos túnidos).

Unha importación que se explica porque a industria galega nunca vendeu tanto polo que nunca se necesitou tanto produto do exterior como agora e porque na propia expansión exterior das empresas, cada vez máis asentadas nos países de orixe das materias a través de filiais e sociedades, se integran os produtos en España como importacións. Así Galicia demostra a súa capacidade para xerar recursos para o exterior sen perder potencia no interior.

a. No eido conserveiro, é a primeira rexión europea e a segunda mundial (en túnidos) na produción de conservas de peixe e marisco. O seu negocio marcou no 2017 un volume de produción de máis de 300.000 Tn (86,5% da produción da conserva española) e máis de 1.282 M € (80% do valor de produción da conserva española).

b. E no eido do conxelado, Galicia lidera o sector con máis de 4.200 M € de facturación (42,7% do valor total do conxelado español).

Con relación aos datos relativos ao consumo, España é o país con maior consumo per cápita de peixe, seguido de Portugal. Un dato significativo sobre todo se se ten en conta que no país luso

habitan 8 millóns de persoas fronte aos 46 millóns de España, polo que se desprende a matización coa que deben ser interpretables os datos, máis de carácter simbólico que reais, arroxados polo Informe de mención.

Nese contexto, desde Galicia céntranse os esforzos nos datos que realmente son de aplicabilidade e utilidade para a análise das medidas que o sector debe adoptar para o seu progreso.

Asemade, o informe reflicte a situación dos estados membros no seu conxunto, sen diferenciar por rexións, polo que non se pode automaticamente atribuír a Galicia. Isto significa que neste informe se inclúe a totalidade da frota española, mesmo a que traballa no Mediterráneo e que non está suxeita a TAC.

En todo caso, e extrapolando os datos de consumo de peixe per cápita en España (46 Qg/ano) ao caso da poboación galega (2.708.339 habitantes), teríamos unha necesidade de abastecemento propia de 124.583.594 Qg de produtos do mar, cifra amplamente superada polos 212.784.514 Qg. de peixe e marisco fresco desembarcados en Galicia e, aínda máis, polos 278.980.787 Qg de produtos de acuicultura producidos nas nosas costas. É dicir, que a produción de abastecemento propia é case catro veces a necesidade, ou o que é o mesmo, que daría para abastecer a demanda interna estimada durante case catro anos.

Neste senso, podemos recordar a evolución e a súa tendencia ao alza das subas dos TAC e cotas nos últimos anos e que para este 2018 supuxo un 4% máis con respecto á proposta inicial da Comisión Europea. Unhas negociacións satisfactorias para Galicia, xa que dos 23 obxectivos de importancia, conseguíronse total ou parcialmente 16 deles (69%), entre os que destaca a non inclusión dun TAC para a sardiña e o freo ao peche da anguía. Unha evolución que se reflicte de forma ben diferente en dous períodos:

c. No período 2005-2009, as cotas globais para España nas augas do Cantábrico e Noroeste e Gran Sol e augas de Francia reducíronse nun 55%, máis de 125.000 Tn e preto de 330 M € de perdas potenciais.

d. Desde 2009, as cotas creceron nun 80%, máis de 80.000 Tn e máis de 210 M €.

Este aumento débese tamén ao bo estado dos recursos mariños e á ampliación das zonas de marisqueo, que permitiu aumentar as descargas nas lonxas, que no último lustro creceu un 30% e nos últimos 15 anos un 70%. Xa que logo:



a. Ao longo do período 2010-2017 recuperáronse máis de 11 millóns m2 de superficie, gracias á execución de 200 proxectos de confrarías e entidades asociativas, cun financiamento próximo aos 7 M €.

b. E para o período 2016-2020, ao a amparo do FEMP investiranse 37 M € para protexer e recuperar a biodiversidade mariña.

Por todas estas razóns o 2017 foi o mellor ano dunha serie histórica que comezaba no 1997, desde que vimos sistematizando os datos:

- Bateuse o récord de facturación, con 507 M€ (18,7% por riba da media anual) e por primeira vez rompeuse co teito dos 500 M €, cun aumento do 3,12% con respecto a 2016.
- E bateuse o récord de descargas, con máis de 212.000 Tn (27% por enriba da media anual) e presenta unha evolución positiva, cun aumento do 13% con respecto ao 2016”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:13:13



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 31630** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a opinión do Goberno galego referida á relación contractual que está a manter cos centros concertados para a prestación do servizo de diálise”**, (publicada no BOPG número 316 do 6 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A relación contractual entre a Consellería de Sanidade e os centros concertados para a prestación do servizo de hemodiálise na Comunidade, cumpre cos criterios esixidos tanto pola normativa vixente como pola lei de transparencia.

Todas as contratacións entre a Consellería de Sanidade e os centros concertados están regularizadas, dispoñendo de concertos en vigor.

Adecuáronse as tarifas por sesión a un valor equivalente nas diferentes áreas sanitarias. Ademais, actualizáronse os concertos con cada centro así como se iniciaron procedementos en libre concorrència para a prestación da hemodiálise en determinadas áreas.

A patoloxía renal é variada, así como a etioloxía das súas diferentes patoloxías, e a diferente evolución de cada unha delas fan necesario que se elaboren procesos diferentes polo que a elaboración dunha estratexia xenérica de saúde renal non resulta adecuada.

No ano 2016 subscribiuse un concerto específico para hemodiálises con DIAVERUM, empresa que adquiriu a antiga clínica de Souto Boo. Desde entón renováronse as instalacións e adecuáronse ás tarifas. Desta forma, os prezos por sesión na clínica Souto Boo son semellantes ás das outros centros.

A media de custe por tratamento en Galicia de todos os centros é de 133,75 euros por sesión, cunha desviación típica de 5,88 segundo o centro de hemodiálise. Tanto o importe por sesión como a desviación típica, indican que son valores adecuados á prestación sanitaria da que se trata”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 13:34:32



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 31631** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento das recomendacións do Consello de Contas de Galicia referidas á actividade concertada da diálise no Sergas”**, (publicada no BOPG número 316 do 6 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A relación contractual entre a Consellería de Sanidade e os centros concertados para a prestación do servizo de hemodiálise na Comunidade, cumpre cos criterios esixidos tanto pola normativa vixente como pola lei de transparencia.

Todas as contratacións entre a Consellería de Sanidade e os centros concertados están regularizadas, dispoñendo de concertos en vigor.

Adecuáronse as tarifas por sesión a un valor equivalente nas diferentes áreas sanitarias. Ademais, actualizáronse os concertos con cada centro así como se iniciaron procedementos en libre concorrència para a prestación da hemodiálise en determinadas áreas.

A patoloxía renal é variada, así como a etioloxía das súas diferentes patoloxías, e a diferente evolución de cada unha delas fan necesario que se elaboren procesos diferentes polo que a elaboración dunha estratexia xenérica de saúde renal non resulta adecuada.

No ano 2016 subscribiuse un concerto específico para hemodiálises con DIAVERUM, empresa que adquiriu a antiga clínica de Souto Boo. Desde entón renováronse as instalacións e adecuáronse ás tarifas. Desta forma, os prezos por sesión na clínica Souto Boo son semellantes ás das outros centros.

A media de custe por tratamento en Galicia de todos os centros é de 133,75 euros por sesión, cunha desviación típica de 5,88 segundo o centro de hemodiálise. Tanto o importe por sesión como a desviación típica, indican que son valores adecuados á prestación sanitaria da que se trata”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 13:34:01



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 31830**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Consellería do Mar respecto da solicitude e impulso da competencia do Consello da Xunta de Galicia para o coñecemento e decisión respecto da solicitude de autorización do proxecto de megaminaría impulsado pola empresa Cobre San Rafael, S.L. nos concellos de Touro e do Pino”**, (publicada no BOPG número 319 do 13 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Este asunto foi contestado na Comisión 8ª do 13 de xullo de 2018 pola secretaria xeral Técnica, a través da resposta á iniciativa 32213.

A Consellería do Mar defende sempre os intereses do sector ó que representa. Neste Goberno cremos e confiamos no desenvolvemento dunha minería segura e sostible e entendemos que esta é posible coa normativa vixente.

Por iso, a Xunta aplica un proceso garantista e rigoroso que nos leva a permitir soamente aquelas actividades sostibles e respectuosas co medio e coas actividades preexistentes, e neste caso, pola parte que nos toca, coas do mar.

O proxecto de explotación, o plan de restauración e o estudio de impacto ambiental do xacemento de Touro estanse desenvolvendo conforme o procedemento que establece a Lei de Ordenación da minería de Galicia aprobada polo Goberno bipartito no ano 2008.

Trátase dun procedemento marcado pola transparencia e o rigor no que deben emitirse 15 informes sectoriais ademais da Declaración de Impacto Ambiental.

Será o ESTRITO cumprimento da legalidade vixente, que ofrece TODAS AS GARANTÍAS urbanísticas, medioambientais e técnicas, o ÚNICO que determine se o novo proxecto mineiro se pode aprobar ou non. A veciñanza e o sector do mar da Arousa poden estar seguros diso.

Agora mesmo, tal e como sinalou o Conselleiro de Economía, Emprego e Industria na súa comparecencia en pleno do pasado 11 de xullo, cos informes emitidos o proxecto non é viable; pero a maioría son parámetros que precisan máis detalle ou modificacións que a empresa debe atender se quere continuar a tramitación.

Por iso, a Xunta pronunciarase cando esa tramitación remate e o fará motivadamente, atendendo a avaliacións profesionais e técnicas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:13:06



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 31841** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a actuación levada a cabo pola Dirección do Hospital Lucus Augusti de Lugo en relación co suicidio dunha doente nese hospital o día 12 de maio de 2018”**, (publicada no BOPG número 319 do 13 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“As actuacións levadas a cabo pola dirección do HULA foron as adecuadas. Dado que o suceso aconteceu un sábado o Xefe da Garda dese día asumiu a coordinación das actuacións de forma inmediata, estando desde o primeiro momento, e xunto coa Supervisora de Enfermería de Garda, ao fronte das mesmas.

A doente foi ingresada nun Servizo de Cirurxía. Esta doente foi valorada polo Servizo de Psiquiatría sen apreciarse risco autolítico e sen necesidade de traslado á Unidade de Agudos nin de aplicar o Protocolo de pacientes ingresados con risco de suicidio.

Cando aconteceu este accidente non se atopaba ningún familiar da doente no Hospital. Foron informados telefonicamente polo facultativo responsable da doente. Loxicamente dada a gravidade do sucedido utilizouse o medio máis rápido: a comunicación telefónica.

Tanto o Xefe de Garda como a Supervisora estiveron pendentes da chegada dos familiares para atendelos.

Utilizouse o Sistema de Notificación de Eventos Adversos (SINAPS) realizándose unha análise para avaliar o acontecido e proceder a aplicar as medidas de mellora necesarias.

Ademais de iniciar este procedemento, a Dirección Asistencial, en concreto o Director de Procesos Asistencias e o Director de Procesos con Ingreso, reuníronse cos familiares o día 16

de maio e informaron de todas as accións realizadas, e as que se estaban levando a cabo para a análise deste incidente. Ofrecéuselles atención psicolóxica, sendo atendidos na Unidade de Saúde Mental correspondente e de forma inmediata.

O Hospital ten establecido un programa de actuacións ante estas situacións e tamén ante a sospeita de condutas autolíticas, pero somos conscientes que, como se recolle no Protocolo de pacientes ingresados con risco de suicidio, non existe ningún método totalmente fiable para prever o suicidio”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:12:58



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 32292**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez, e don Julio Torrado Quintela, sobre **“os criterios seguidos para a cobertura da revisión anual programada do helicóptero Pesca 2, que presta o servizo de salvamento marítimo”**, (publicada no BOPG número 323 do 20 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Os criterios que se seguiron foron única e exclusivamente os previstos nos pregos de contratación vixentes.

Debemos indicar que como helicópteros de substitución (back-up) BABCOCK ofertou dous helicópteros Augusta AW-139 do fabricante Leonardo Helicópteros. Estes helicópteros cumpren con todas as especificacións técnicas esixidas no prego de prescricións técnicas particulares.

Por outra banda na licitación ao servizo non se esixe a dedicación exclusiva dos helicópteros de substitución, xa que tería como consecuencia o encarecemento da prestación do servizo en un extremo innecesario posto que a dispoñibilidade dos helicópteros de substitución está garantida.

Finalmente, non é correcta a afirmación de que a substitución estase a realizar por un helicóptero de Salvamento Marítimo del Estado. O helicóptero Augusta Westland AW139 coa matrícula EC-LIS é propiedade de Babcock, prestando servizo de substitución tanto a Salvamento Marítimo como a Gardacostas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 379d7c81-4f36-1fd6-67d6-e23b533c8696



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:12:43



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 32422** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que está a adoptar o Goberno galego para garantir a atención pediátrica no Centro de Saúde de Gondomar”**, (publicada no BOPG número 323 do 20 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A atención pediátrica aos nenos e nenas de Gondomar está garantida durante todo o ano, utilizando todos os recursos que temos dispoñibles na área sanitaria.

Durante os meses de xullo e agosto a atención pediátrica no Val Miñor concéntrase no Centro de Saúde da Xunqueira, onde se atenden, como en anos precedentes, aos nenos e nenas dos concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar, sen problema de ningún tipo.

En canto aos potenciais prexuízos dos doentes que deberán ser atendidos en quenda de mañá non se producirán, ao poderse substituír as baixas e cubrir as vacacións do persoal sen necesidade de maiores cambios”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 13:33:47



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 32423** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a calidade asistencial, en especial a pediátrica, no Centro de Saúde de Gondomar”**, (publicada no BOPG número 323 do 20 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A atención pediátrica aos nenos e nenas de Gondomar está garantida durante todo o ano, utilizando todos os recursos que temos dispoñibles na área sanitaria.

Durante os meses de xullo e agosto a atención pediátrica no Val Miñor concéntrase no Centro de Saúde da Xunqueira, onde se atenden, como en anos precedentes, aos nenos e nenas dos concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar, sen problema de ningún tipo.

En canto aos potenciais prexuízos dos doentes que deberán ser atendidos en quenda de mañá non se producirán, ao poderse substituír as baixas e cubrir as vacacións do persoal sen necesidade de maiores cambios”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 13:33:40



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 32543**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez, e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración do Goberno galego das distintas interpretacións que se están a realizar respecto do uso dos espazos públicos para a realización de espectáculos e actividades recreativas”**, (publicada no BOPG número 328 do 28 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Como se ten explicado xa en varias ocasións no Parlamento de Galicia, o ente público Portos de Galicia ten máxima dispoñibilidade a combinar os usos portuarios e lúdicos no dominio público portuario, como o demostra o feito de que son centos os eventos e celebracións que se autorizan ao longo do ano nos distintos peiraos de titularidade da Xunta.

Porén o ente público ten na súa razón de ser a obriga de protexer os usos e actividades portuarias no dominio público portuario e garantir a operatividade e, por riba de todo, a seguridade para as persoas e os bens nos portos. Dada esta dobre obriga, Portos de Galicia ten elaborado unha regulamentación específica para poder autorizar os eventos lúdicos nos peiraos portuarios en condicións de máxima seguridade.

Dita normativa, vixente ao longo de todo este verán permitiu autorizar nos últimos 3 meses centenaes de eventos, festas patronais e actividades deportivas nos peiraos públicos. Non en van, arredor do 90% das actividades solicitadas foron autorizadas sen que se producira problemática algunha salvo en casos puntuais, menos do 10%, de feito.

Estamos polo tanto ante unha normativa flexible e compensada que de feito permitiu o desenvolvemento da práctica totalidade de eventos solicitados, sen incidencias destacables.

Non en van, compre lembrar, que Portos de Galicia si mantén a súa decisión de ser estritos no cumprimento de todos os condicionantes necesarios para a celebración de eventos nas máximas

condicións de seguridade para minimizar o risco de accidentes como se teñen sucedido noutros espazos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:12:17



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 32660** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o medio utilizado para trasladar a Sogama o 55% restante do lixo que non foi transportado por ferrocarril”**, (publicada no BOPG número 328 do 28 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“O informe ao que se fai referencia na iniciativa contiña os principais resultados do plan de xestión de Sogama correspondente ao ano 2017 e ás previsións para o período contemplado entre xaneiro e decembro de 2018.

O transporte de residuos desde as plantas de transferencia faise por dúas vías: tren e estrada. Ata marzo de 2016, só o 25% do lixo transferido nestas instalacións desde os camións de recollida municipal se viña trasladando por ferrocarril. A partir de esta data, e no marco do novo contrato de transporte combinado, deuse un impulso ao tren grazas á incorporación da terminal de Lugo, circunstancia que permitiu incrementar o transporte por este medio nun 20 puntos porcentuais. Como non pode ser doutro xeito, o 55% do transporte do lixo fíxose por estrada, xa que ademais do tren non é posible contemplar outro tipo de transporte dos residuos que non sexa o camión.

En canto ao contido de auga, este varía en función de moitas circunstancias, tanto no transporte por ferrocarril como por estrada, sempre en función da composición do lixo.

Tendo en conta a alta dispersión da poboación galega e a actual infraestrutura ferroviaria, estenderase o transporte de lixo por tren a todos aqueles puntos da xeografía galega nos que sexa posible desde una concepción de sostibilidade (técnica, ambiental, económica e social)”.
O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/09/2018 14:45:54



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 37370

Data envío: 24/09/2018 09:11:41.715

Data 24/09/2018 09:11

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 32704**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez, e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da execución das obras de reparación necesarias no porto de Fisterra”**, (publicada no BOPG número 328 do 28 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Portos de Galicia realiza de xeito permanente tarefas de vixilancia do estado de conservación das súas instalacións nos 122 portos da súa titularidade, así como as necesarias actuacións de mantemento para paliar as deficiencias que poidan detectarse.

Así, no porto de Fisterra, ao igual que no conxunto do litoral, os técnicos de Portos de Galicia revisan regularmente as instalacións sen que se teñan recibido queixas ou advertencias dos usuarios de dito peirao.

O compromiso do ente público co peirao de Fisterra é inequívoco, como o demostra o investimento realizado durante os últimos meses que ascendeu a un millón de euros e permitiu a instalación dun dique de abrigo aboiante así como a habilitación de 75 novas prazas de amarre, unha das actuacións de maior envergadura realizadas neste ano polo ente público”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1

CVE-PREPAR: a9837e46-0df0-ca10-7711-fa64127f9af3



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:11:19



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23002**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e dona Luca Chao Pérez, sobre **“a avaliación da Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, Horizonte 2020, os resultados obtidos e as actuacións que vai levar a cabo ao respecto”**, (publicada no BOPG número 246 do 24 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, fai unha valoración positiva do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016. Horizonte 2020. Este primeiro plan en materia demográfica a nivel español serviu para situar a cuestión demográfica na axenda política non só autonómica, senón tamén nacional e contribuíu á revitalización demográfica de Galicia e ao seu desenvolvemento socioeconómico e cultural a través das diferentes accións que contiña, de índole tanto social como económica, educativa, ou sanitaria, entre outras, das que se chegou a un grao de execución global de máis do 70%.

Unha vez rematada a vixencia do dito plan, na actualidade o Goberno galego está a impulsar a través do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica un traballo conxunto coas diferentes administracións, axentes sociais e económicos, as tres universidades de Galicia e todos os grupos con representación no Parlamento autonómico que permita sacar adiante medidas de alcance e que perduren no tempo.

A Xunta de Galicia considera que o traballo deste Observatorio está a ser de gran utilidade para ter un coñecemento pormenorizado da realidade demográfica galega e tamén para sentar as bases das políticas públicas precisas para afrontar o reto da xestión do cambio demográfico.

Neste sentido, no pasado mes de xullo o pleno do Observatorio informou favorablemente por unanimidade o documento Informe Galicia: Perspectivas Demográficas, unha ampla diagnose da situación da Comunidade Autónoma que constitúe o punto de partida para o establecemento das

liñas estratéxicas e obxectivos que a previsión é que o Observatorio teña acordadas no último cuatrimestre do presente ano.

Os traballos do Observatorio serán tidos en conta na futura lei de impulso demográfico que elaborará o executivo autonómico e na normativa e instrumentos de planificación que a desenvolvan”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/09/2018 15:05:23



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23377**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia do orzamento destinado á convocatoria, para o ano 2018, de axudas e subvencións para o fomento do emprego e a mellora da empregabilidade no ámbito da colaboración coas entidades locais, a suficiencia da duración dos contratos para o outorgamento da cualificación profesional que favoreza a inserción laboral ou, se é o caso, as outras liñas de axuda previstas para eses fins”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“esta iniciativa foi atendida na intervención da secretaria xeral de Emprego, con motivo do debate da pregunta 23378 que tivo lugar na sesión do 2 de febreiro de 2018 da Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-3-economia-facenda-orzamentos-2018-02-02?part=a9aa8994-5d5b-497b-b119-48b6f36f49f9&start=1388> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 13:36:05



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **25065**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, dona Paula Quinteiro Araújo e don Marcos Cal Ogando, sobre “**o contido do vídeo de promoción da Tarxeta Benvida, as actuacións previstas polo Goberno galego para fomentar a corresponsabilidade entre homes e mulleres no traballo reprodutivo, así como as súas intencións respecto demanda ao Goberno central da recuperación do financiamento dos convenios coa Seguridade Social para as persoas coidadoras non profesionais de persoas en situación de dependencia**”, (publicada no BOPG número 261 do 15 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está aliñada coas indicacións dos organismos e asociacións nacionais e internacionais respecto da lactación materna, respaldándoa e promocionándoa, como non podía ser doutro xeito, ante a sociedade e na información que se proporciona ás familias que van ter un fillo ou filla.

O mesmo ocorre coa corresponsabilidade entre homes e mulleres como demostra o recentemente aprobado Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021, un firme compromiso coa sociedade galega en prol da igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes a través do reparto equitativo dos traballos e as responsabilidades no ámbito privado e da promoción de máis e mellores medidas e servizos que apoien as familias na atención a menores, a persoas en situación de dependencia e do fomento de novas formas de organización do traballo, de novas modalidades de xestión dos recursos humanos e de novas condicións laborais nas administracións e nas empresas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/09/2018 15:05:08



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **30192**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez, don Raúl Fernández Fernández e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para acordar a transformación das Casas da Xuventude en Espazos Emprende, as súas consecuencias nas actividades que viñan desenvolvendo e as súas previsións respecto da creación de novas prazas de persoal nelas, así como a súa valoración en relación coa xestión que se ven levando a cabo da Casa da Xuventude de Ourense, os criterios que se están a seguir para a autorización de actividades nela e a súa programación para o ano 2018”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os Espazos Emprende son unha das iniciativas incluídas no proxecto Catalizador de oportunidades de emprego e emprendemento xove transfronteirizo (acrónimo LIDERA), aprobado ao abeiro do programa Interreg V A España Portugal 2014-2020 (POCTEP), sendo o socio beneficiario principal do mesmo a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Os Espazos Emprende non supoñen unha transformación das Casas da Xuventude, actuais Espazos Xove. Son un recurso máis a disposición dos mozos e mozas no ámbito dos Espazos Xove que lle pode axudar a impulsar os seus proxectos de inserción sociolaboral e converter deste xeito á xuventude no maior activo para o desenvolvemento local.

Trátase dun espazo, dentro dos Espazos Xove, que a xuventude poderá empregar para a realización de actividades, asesoramento ou acción relativa á empregabilidade ou ao emprendemento (asesoramento aos emprendedores na posta en marcha dos seus proxectos) e á ampliación, mellora e mantemento de iniciativas emprendedoras.

Con esta iniciativa preténdese establecer espazos de encontro, de coñecemento, de información e tamén de formación en habilidades, co obxectivo de fomentar a participación e o emprendemento da mocidade; formar en habilidades transversais; dotar aos mozos/as de ferramentas sinxelas que lles permitan mellorar e seguir avanzando no seu itinerario persoal e profesional; propiciar o liderado da xente moza; e proactivar cara á formación activa.

O Espazo Emprende en ningún caso ocupa a totalidade dos inmobles dos Espazos Xove senón só unha sala, ou dúas con carácter excepcional segundo a demanda dos mozos e mozas. Esta iniciativa en ningún momento substitúe e/ou anula a programación de actividades dos Espazos Xove nin supón unha modificación do uso destes, non interfiren no funcionamento ordinario nin no desenvolvemento das actividades que organizan os Espazos Xoves, constituíndose en usos perfectamente compatibles.

Trátase dun recurso máis a disposición dos mozos e mozas dentro do horario e funcionamento normal do Espazo Xove, no que poderán recibir asesoramento e formación, ben en grupo, ben de xeito individual, nos días e no horario establecido. Un recurso máis de apoio aos proxectos e actividades impulsados e desenvolto pola xuventude.

A posta en marcha desta nova iniciativa non supón a creación de novas prazas de persoal nas Casas da Xuventude, pois as actividades que se desenvolven nas mesmas (asesoramento personalizado, coaching, encontros sectoriais...) serán financiadas con cargo a partida para a contratación de servizos e expertos externos incluída no proxecto Lidera.

A posta a disposición da xuventude galega dos Espazos Emprende non supón unha insuficiencia de centros de emprendemento para a mocidade en Galicia. Reitérase que se trata dun recurso máis a disposición dos mozos e mozas, co elemento do acompañamento persoal que existe nos Espazos Emprende como elemento diferenciador dos centros de emprendemento.

O Espazo Xove de Ourense segue a ser xestionado como un punto de encontro dos mozos e mozas da cidade e provincia de Ourense. Baixo a xestión da súa dirección, realízanse actividades propias impulsadas polo propio Espazo (principalmente, actividades de dinamización cultural), actividades impulsadas dende a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e iniciativas promovidas por distintas entidades e asociacións xuvenís e culturais da cidade e provincia de Ourense.

O Espazo Xove de Ourense conta cun regulamento de réxime interior que serve de base para autorizar calquera tipo de actividade na casa. Neste sentido, as salas son para o uso e lecer, sen ánimo lucrativo, dos mozos e mozas de, preferentemente, entre 14 e 35 anos. Así, xa nas propias solicitudes infórmase de que os criterios de admisión para o uso das diversas salas son:

- A franxa de idade dos usuarios/as (de 14 a 35 anos).
- A orde de entrada de solicitude.
- O número de usuarios, procurando que o número de usuarios se adopte ó espazo da actividade que solicita.



• O compromiso de asistencia (en caso de que non avisen da ausencia ou falten de forma non xustificada durante 15 días se desestimarás a solicitude).

• Igualmente, recóllese a prioridade das actividades propias do Espazo Xove ou da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, pero sempre procúrase evitar causar calquera tipo de prexuízo ós usuarios.

No caso do polideportivo, que permite que os rapaces e rapazas practiquen deporte sen desembolso económico, o pasado mércores 27 de xuño tivo lugar unha reunión entre todos os grupos que fixeran solicitudes para o actual curso 2018/2019, co fin de intentar adaptar o seu uso ás necesidades dos grupos. Desta reunión, podemos dicir que as peticións e demandas foron atendidas practicamente por completo, seguindo sempre os criterios que rexen o funcionamento do Espazo Xove.

A ubicación do Punto de Encontro Familiar dentro das instalacións do Espazo Xove de Ourense responde a un criterio de optimización de recursos por parte da administración autonómica. Trátase de servizos compatibles que se prestan sen interferencias nunhas instalacións públicas cuxa organización e espazo permiten a ubicación de ambos.

Considérase axeitada a ubicación actual do Punto de Encontro Familiar na primeira planta do Espazo Xove de Ourense xa que non interfere no funcionamento ordinario nin no desenvolvemento das actividades que organiza este, constituíndose en usos perfectamente compatibles. É de destacar que non consta ningunha queixa dos usuarios tanto do Espazo Xove como do Punto de Encontro Familiar respecto da súa ubicación, máis ben ao contrario, constando a satisfacción das familias pola localización máis céntrica do servizo.

Ata setembro de 2018 leváronse a cabo diversas actividades no Espazo Xove de Ourense, así:

- Reunión de traballo de presentación do borrador de Decreto de desenvolvemento do Título II da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia. (20 de abril)
- World Café para a elaboración do novo Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia (14 de abril).
- Incubadora de proxectos: obradoiro práctico de información e asesoramento sobre as convocatorias da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado no ámbito da educación non formal (13 de abril).
- Acción formativa Lidérate: desenvolvemento persoal para o emprego e o emprendemento (2 de maio), no marco do proxecto Lidera.
- 24 horas teatrais (23 e 24 de marzo)
- Obradoiros sobre diversas temáticas:

Microteatro (16 de febreiro)

Carteis mulleres e arte (16 de marzo)

Fotografía (8, 15,22, 29 de maio; e 5 e 12 de xuño)

Zumba (19 e 26 de abril; 3, 10, 24 e 31 de maio; e 7 de xuño).

Masterclass de zumba (30 de xuño)

Guitarra (sábados dende o 14 de abril ao 30 de xuño)

Pintura rápida (do 25 de abril ao 30 de maio)

Traballando as emocións (11, 15, 18 e 22 de setembro)

Robótica (20 de setembro)

A partir do mes de outubro están previstas as seguintes actividades:

- IV edición do programa Xestión e dirección de proxectos de participación xuvenil (segunda quincena do mes de outubro)

- No Espazo Emprende no marco do proxecto Lidera:

- 2 Encontros sectoriais a pequena escala onde os mozos e mozas e os distintos actores do territorio poderán establecer unha dinámica de diálogo e coñecemento mutuo que impulse a aparición de oportunidades en distintos eidos.
- Sesións formativas e coaching grupais e individualizadas.

- Conversa en inglés (de outubro a decembro)

- Obradoiro de iniciación á guitarra (de outubro a decembro)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 16:49:16



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **25985**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona María Dolores Toja Suárez, sobre **“a posibilidade de garantía polo Goberno galego do cumprimento dos criterios legais, estatutarios e procedimentais axeitados nos novos plans de explotación aprobados polas confrarías de Galicia, o coñecemento das dificultades que ocasiona a aprobación do novo plan de explotación do percebe na confraría A Anunciada de Baiona e as súas razóns para validar o seu procedemento de aprobación”**, (publicada no BOPG número 264 do 21 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Este asunto foi contestado na Comisión 8ª do 16 de marzo de 2018 pola directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, a través da iniciativa 23308, podendo ser consultado no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2018-03-16?part=29e55461-4b63-41fa-8576-108bc07a3888&start=6130>

En primeiro lugar débese indicar que os problemas internos no sector percebeiro da confraría de Baiona son particulares e non son extrapolables ós diferentes colectivos en Galicia.

De acordo coa Orde de 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos en Galicia, nos plans de xestión de percebe conxuntos a pé e a flote, o colectivo de a flote pode acceder ás zonas de traballo por terra cando as condicións do mar non permitan o acceso dende embarcación.

Se ben noutras confrarías non se xeran problemas por esta posibilidade puntual, no caso de Baiona deu lugar a un hábito, xa que pois os percebeiros dende embarcación accedían ó recurso a pé practicamente todos os días sen xustificación de mal tempo.

Por outra banda, as accións tomadas pola Consellería do Mar tiveron como obxectivo solucionar esa conflictividade entre parte dos colectivos e a súa afectación ós órganos e traballadores da confraría. Ademais, os consumidores non teñen por que sufrir ningún tipo de prexuízo pola asunción destas medidas; máis ben ó contrario, a separación dos plans ten como un dos seus obxectivos diminuír o sobreesforzo sobre as que eran zonas de acceso común e permitir que estas volvan producir percebe de calidade e bo tamaño”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:16:56



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 26844**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez, e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as xestións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa comercialización dos produtos do mar e a incidencia que van ter nela, a súa valoración referida ao estado de asociación das lonxas das provincias da Coruña e Lugo ao selo de calidade “pescadeRías”, así como a existencia de cooperación entre a Consellería do Mar e o resto das consellarías para reforzar os programas de innovación e comercialización deses produtos”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar da Xunta de Galicia traballa arreo para mellorar as posibilidades de pesca da nosa frota, e dende logo, a comercialización dos produtos do mar. Neste senso, é un feito o incremento da facturación da frota galega, así como o incremento das exportacións dos produtos pesqueiros transformados.

Para isto están as inversións primeiro para mellorar a calidade da produción pesqueira e da acuicultura, e a continuación a labor de transformación. E ademais están os orzamentos adicados á promoción e á mellora da comercialización, incidindo para obter ese incremento de vendas.

En relación coa marca pescadeRías que busca a protección e promoción dos produtos mariños procedentes da pesca artesáns e sustentable na costa galega, é de destacar que se pasou de certificar en 2008 416.6257 kg a 14.932.010 kg en 2017, o que é unha mostra da aposta que se fixo por esta marca.

É de destacar que o 83% do berberecho de Galicia está certificado en pescadeRías, ou un 81% da vieira, un 63% da ameixa rubia, un 59% da navalla, un 58% do ourizo, un 53% da ameixa xaponesa, entre outros.

Neste momento as lonxas certificadas son 36. Son lonxas que teñen vendas de frota de baixura de importancia, polo que optan por certificarse, nun intento de diferenciarse. É unha decisión voluntaria da propia lonxa.

No caso da lonxa de Cedeira está en pleno proceso de certificación, ao igual que a lonxa de Ribeira. Nese senso xa teñen ambas as dúas data de auditoría.

No caso da provincial de Lugo, hai que ter en conta que das lonxas actualmente en funcionamento, a que ten máis importancia para a baixura é precisamente a de Burela.

Con relación ao Orzamento pescadeRías, a Consellería do Mar ten asinado ata o 2020 un contrato para a xestión e a certificación do marca que supón un investimento de 366.484 euros.

Por último, destacar que a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela asinaron un convenio de colaboración para levar a cabo a incorporación e uso da marca pescaenverde xunto coa marca pescadeRías, ¿de onde se non?.

Pescaenverde é unha ecoetiqueta desenvolvida pola Universidade de Santiago de Compostela-USC que permite calcular a Pegada de Carbono e Taxa de Retorno Enerxética adaptada a cada tipo de frota e modalidade de pesca. Nesta liña, ambas marcas se complementan por ser a pegada de carbono vencellada á pesca artesanal mínima”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:16:31



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31325**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez, dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación cos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística referidos ao incremento da taxa de accidentes laborais na pesca e da súa gravidade entre os anos 2015 e 2016, a incidencia do recorte orzamentario das partidas do programa 723 A, de mellora da calidade produtiva pesqueira e da acuicultura, no cumprimento dos obxectivos da Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo, así como as medidas que vai impulsar para mellorar as condicións de traballo no mar”**, (publicada no BOPG número 312 do 30 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Este asunto foi contestado na Comisión 8ª do pasado 28 de xuño de 2018, pola directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, a través da resposta á iniciativa 31123.

Pódese visualizar o arquivo audiovisual premendo a seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2018-06-28?part=c4bfea4b-dc76-45e3-a51f-c7ea137af10d&start=6516>.

En todo caso, sinalar que as afiliacións ao Réxime Especial do Mar da Seguridade Social mantéñense estables desde 2015, cun aumento de preto de 1.200 persoas dende xaneiro de 2015 a xullo de 2018, superando a cifra dos 21.000 afiliados en marzo deste ano.

De cara a seguir incrementando o emprego no mar, a Xunta pon a disposición do sector subvencións para modernizar a frota e para novos propietarios de buques pesqueiros.

Sinalar que no relativo ao de melloras a bordo, na convocatoria do ano 2016 destináronse 900.000 euros con 66 solicitudes presentadas e atendidas, e na convocatoria de 2017, destináronse 272.000 euros, presentándose 52 peticións. Incidir en que en ambas anualidades foron atendidas absolutamente todas as peticións presentadas, que cumprían os requisitos. Para este ano, este Departamento dedicou preto de 1 millóns de euros, logo dunha ampliación de crédito.

Ademais, destacar o papel dos grupos de acción local do sector pesqueiro que actúan como ferramentas de participación do sector pesqueiro para poñer en marcha proxectos que permitan dinamizar as zonas costeiras, buscando manter a prosperidade económica e social das áreas litorais, revalorizar os produtos da pesca e da acuicultura para promover a creación de postos de traballo e a xeración de riqueza.

Neste ámbito, debemos poñer énfase nos 426 proxectos aprobados no anterior período GAC, por valor de 27,2 millóns de euros, e un total de 301 proxectos aprobados ata o de agora dentro do período GALP, por un importe de 19 millóns de euros de achega pública.

Por outra banda, o mundo do mar é un sector no que, dende sempre, a muller tivo un papel fundamental e protagonista. As cifras o constatan e hoxe en día traballan:

- Na pesca extractiva, preto de 500 mulleres (5% do sector nacional).
- Na acuicultura, arredor de 1.500 mulleres (25,35% do sector nacional) e, en particular, no cultivo do mexillón, máis de 900 mulleres nas preto de 3.350 bateas situadas ao longo das rías galegas (20,64% do sector nacional).
- No marisqueo a pé, máis de 2.800 mulleres (75% do sector galego).
- Nas redes, o 84% dos profesionais son mulleres.
- E nas fábricas transformadoras e conserveiras, máis de 10.000 mulleres (70% do sector galego).


Hai máis de 25 anos que a Xunta de Galicia comezou a traballar a prol do paso máis importante que se puido dar: a profesionalización das mariscadoras, das redeiras e das empacadoras e comercializadoras.

No caso das mariscadoras, conseguiuase que se puidesen dar de alta na Seguridade Social, cotizar para unha pensión e acadar o posto que lles correspondía na xestión do seu labor. No caso das redeiras, acadouse o recoñecemento profesional e a consolidación da súa entrada na Seguridade Social, feitos básicos para dar recoñecemento a unha actividade senlleira e indispensable para a pesca.

A maiores, sinalar o aumento da concesión do número de permex, sendo en 2017 de un total de 296 para marisqueo a pé e 12 para marisqueo a flote, e no ano 2018, un total de 300 para marisqueo a pé e 24 para marisqueo a flote.

No eido da representación directiva do mar, impulsouse a constitución de ANMUPESCA, a primeira asociación de mulleres da pesca en España, e se consolidaron as cifras que apoian o avance da muller neste ámbito, xa que :

- 24% da Xunta Xeral da Federación Galega de Confrarías son mulleres, cun 29% das afiliadas.



- Galicia conta con 14 patroas maiores de confrarías, 28 vicepresidentas e case 200 vocais entre cabidos e xuntas xerais.

Tamén se deron pasos desde o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral para analizar, diagnosticar e dotar de pautas correctivas nos eidos da seguridade e saúde laboral.

Cabe facer especial énfase no eido formativo de cara a acadar o relevo xeracional e a reciclaxe dos profesionais do mar. Neste aspecto, reiterar que estamos a falar dunha área blindada nos orzamentos e que este ano viu incrementada a partida para as ensinanzas marítimo pesqueiras nun 2% e para os dous vindeiros anos se destinarán máis de 1,5 millóns a cursos de ensinanzas non regradas.

E por último, sinalar que o actual Plan de Xestión do Caladoiro Cantábrico e Noroeste permitiu que a frota galega que faena nel incrementase as súas capturas e a súa facturación.

Concretamente, venderon máis dun 28% de produto e facturaron un 6% máis no ano 2017 en relación ao ano 2010, cando era posible realizar a coñecida como pesca olímpica (saír a faenar ata que se esgotase o total admisible de capturas).

Así, no ano 2017 esta frota descargou en lonxa máis de 142.200 toneladas por importe de máis 216 millóns de euros, sendo o volume de descargas un 28% superior ao ano 2010 e o de facturación un 6%".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:14:04



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 31547, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez, e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as medidas concretas previstas polo Goberno galego para evitar a perda de peso do sector pesqueiro fronte á competencia internacional, a súa valoración referida ás conclusións do informe emitido por New Economics Foundation en relación co Día da Dependencia do Peixe e a evolución das exportacións e importacións de peixe e animais acuáticos de Galicia nos últimos anos, así como as medidas previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 316 do 6 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O sector da transformación dos produtos do mar e, en especial, do conxelado e da conserva é uno dos principais motores de crecemento económico de Galicia pola súa fortaleza.

Neste marco, o volume de importacións de Galicia concentra a maior parte da industria pesqueira de España e da Eurozona. Unha premisa que se corresponde coa necesidade de abastecer o alto nivel da actividade galega e de cubrir as súas necesidades de materia prima. É por iso que foi e é necesario aumentar as compras de produtos do mar no exterior, o que obedece ás capturas que realiza a flota galega noutros países (como é o caso dos túnidos).

Unha importación que se explica porque a industria galega nunca vendeu tanto polo que nunca se necesitou tanto produto do exterior como agora e porque na propia expansión exterior das empresas, cada vez máis asentadas nos países de orixe das materias a través de filiais e sociedades, se integran os produtos en España como importacións. Así Galicia demostra a súa capacidade para xerar recursos para o exterior sen perder potencia no interior.

- a. No eido conserveiro, é a primeira rexión europea e a segunda mundial (en túnidos) na produción de conservas de peixe e marisco. O seu negocio marcou no 2017 un volume de produción de máis de 300.000 Tn (86,5% da produción da conserva española) e máis de 1.282 M € (80% do valor de produción da conserva española).
- b. E no eido do conxelado, Galicia lidera o sector con máis de 4.200 M € de facturación (42,7% do valor total do conxelado español).

Con relación aos datos relativos ao consumo, España é o país con maior consumo per cápita de peixe, seguido de Portugal. Un dato significativo sobre todo se se ten en conta que no país luso habitan 8 millóns de persoas fronte aos 46 millóns de España, polo que se desprende a matización coa que deben ser interpretables os datos, máis de carácter simbólico que reais, arroxados polo Informe de mención.

Nese contexto, desde Galicia céntranse os esforzos nos datos que realmente son de aplicabilidade e utilidade para a análise das medidas que o sector debe adoptar para o seu progreso.

Asemade, o informe reflicte a situación dos estados membros no seu conxunto, sen diferenciar por rexións, polo que non se pode automaticamente atribuír a Galicia. Isto significa que neste informe se inclúe a totalidade da frota española, mesmo a que traballa no Mediterráneo e que non está suxeita a TAC.

En todo caso, e extrapolando os datos de consumo de peixe per cápita en España (46 Qg/ano) ao caso da poboación galega (2.708.339 habitantes), teríamos unha necesidade de abastecemento propia de 124.583.594 Qg de produtos do mar, cifra amplamente superada polos 212.784.514 Qg. de peixe e marisco fresco desembarcados en Galicia e, aínda máis, polos 278.980.787 Qg de produtos de acuicultura producidos nas nosas costas. É dicir, que a produción de abastecemento propia é case catro veces a necesidade, ou o que é o mesmo, que daría para abastecer a demanda interna estimada durante case catro anos.

Neste senso, podemos recordar a evolución e a súa tendencia ao alza das subas dos TAC e cotas nos últimos anos e que para este 2018 supuxo un 4% máis con respecto á proposta inicial da Comisión Europea. Unhas negociacións satisfactorias para Galicia, xa que dos 23 obxectivos de importancia, conseguíronse total ou parcialmente 16 deles (69%), entre os que destaca a non inclusión dun TAC para a sardiña e o freo ao peche da anguía. Unha evolución que se reflicte de forma ben diferente en dous períodos:

c. No período 2005-2009, as cotas globais para España nas augas do Cantábrico e Noroeste e Gran Sol e augas de Francia reducíronse nun 55%, máis de 125.000 Tn e preto de 330 M € de perdas potenciais.

d. Desde 2009, as cotas creceron nun 80%, máis de 80.000 Tn e máis de 210 M €.

Este aumento débese tamén ao bo estado dos recursos mariños e á ampliación das zonas de marisqueo, que permitiu aumentar as descargas nas lonxas, que no último lustro creceu un 30% e nos últimos 15 anos un 70%. Xa que logo:



a. Ao longo do período 2010-2017 recuperáronse máis de 11 millóns m2 de superficie, gracias á execución de 200 proxectos de confrarías e entidades asociativas, cun financiamento próximo aos 7 M €.

b. E para o período 2016-2020, ao a amparo do FEMP investiranse 37 M € para protexer e recuperar a biodiversidade mariña.

Por todas estas razóns o 2017 foi o mellor ano dunha serie histórica que comezaba no 1997, desde que vimos sistematizando os datos:

- Bateuse o récord de facturación, con 507 M€ (18,7% por riba da media anual) e por primeira vez rompeuse co teito dos 500 M €, cun aumento do 3,12% con respecto a 2016.
- E bateuse o récord de descargas, con máis de 212.000 Tn (27% por enriba da media anual) e presenta unha evolución positiva, cun aumento do 13% con respecto ao 2016”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:13:35

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **32291**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez, e don Julio Torrado Quintela, sobre **“os criterios seguidos para a cobertura da revisión anual programada do helicóptero Pesca 2, que presta o servizo de salvamento marítimo, así como as razóns do Goberno galego para permitirlle á empresa adxudicataria o incumprimento do establecido nos apartados 2.6.9 e 2.6.10 do prego de prescricións técnicas particulares”**, (publicada no BOPG número 323 do 20 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Os criterios que se seguiron foron única e exclusivamente os previstos nos pregos de contratación vixentes.

Debemos indicar que como helicópteros de substitución (back-up) BABCOCK ofertou dous helicópteros Augusta AW-139 do fabricante Leonardo Helicópteros. Estes helicópteros cumpren con todas as especificacións técnicas esixidas no prego de prescricións técnicas particulares.

Por outra banda na licitación ao servizo non se esixe a dedicación exclusiva dos helicópteros de substitución, xa que tería como consecuencia o encarecemento da prestación do servizo en un extremo innecesario posto que a dispoñibilidade dos helicópteros de substitución está garantida.

Finalmente, non é correcta a afirmación de que a substitución estase a realizar por un helicóptero de Salvamento Marítimo del Estado. O helicóptero Augusta Westland AW139 coa matrícula EC-LIS é propiedade de Babcock, prestando servizo de substitución tanto a Salvamento Marítimo como a Gardacostas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:12:51



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **32541**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez, e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración do Goberno galego das distintas interpretacións que se están a realizar respecto do uso dos espazos públicos e o prazo previsto para flexibilizar a resolución de Portos de Galicia do 26 de setembro de 2017, pola que se regulan os criterios de autorización de ocupación de dominio público portuario con destino á celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas”**, (publicada no BOPG número 329 do 29 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Como se ten explicado xa en varias ocasións no Parlamento de Galicia, o ente público Portos de Galicia ten máxima dispoñibilidade a combinar os usos portuarios e lúdicos no dominio público portuario, como o demostra o feito de que son centos os eventos e celebracións que se autorizan ao longo do ano nos distintos peiraos de titularidade da Xunta.

Porén o ente público ten na súa razón de ser a obriga de protexer os usos e actividades portuarias no dominio público portuario e garantir a operatividade e, por riba de todo, a seguridade para as persoas e os bens nos portos. Dada esta dobre obriga, Portos de Galicia ten elaborado unha regulamentación específica para poder autorizar os eventos lúdicos nos peiraos portuarios en condicións de máxima seguridade.

Dita normativa, vixente ao longo de todo este verán permitiu autorizar nos últimos 3 meses centenas de eventos, festas patronais e actividades deportivas nos peiraos públicos. Non en van, arredor do 90% das actividades solicitadas foron autorizadas sen que se producira problemática algunha salvo en casos puntuais, menos do 10%, de feito.

Estamos polo tanto ante unha normativa flexible e compensada que de feito permitiu o desenvolvemento da práctica totalidade de eventos solicitados, sen incidencias destacables.

Non en van, compre lembrar, que Portos de Galicia si mantén a súa decisión de ser estritos no cumprimento de todos os condicionantes necesarios para a celebración de eventos nas máximas condicións de seguridade para minimizar o risco de accidentes como se teñen sucedido noutros espazos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:12:35



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 37371

Data envío: 24/09/2018 09:12:12.700

Data 24/09/2018 09:11

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 32703**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez, e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da execución das obras de reparación necesarias no porto de Fisterra”**, (publicada no BOPG número 329 do 29 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Portos de Galicia realiza de xeito permanente tarefas de vixilancia do estado de conservación das súas instalacións nos 122 portos da súa titularidade, así como as necesarias actuacións de mantemento para paliar as deficiencias que poidan detectarse.

Así, no porto de Fisterra, ao igual que no conxunto do litoral, os técnicos de Portos de Galicia revisan regularmente as instalacións sen que se teñan recibido queixas ou advertencias dos usuarios de dito peirao.

O compromiso do ente público co peirao de Fisterra é inequívoco, como o demostra o investimento realizado durante os últimos meses que ascendeu a un millón de euros e permitiu a instalación dun dique de abrigo aboiante así como a habilitación de 75 novas prazas de amarre, unha das actuacións de maior envergadura realizadas neste ano polo ente público”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 9:11:57



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37569

Data envío: 25/09/2018 15:04:38.767

Data 25/09/2018 15:04

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 33543**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“o gasto farmacéutico nas unidades de saúde mental no Servizo Galego de Saúde dente o ano 2018 ata a actualidade”**, (publicada no BOPG número 342 do 27 de xullo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Non é posible aportar o dato concreto das unidades de saúde mental pois a codificación non se fai por dispositivo.

Existe un crecemento na prescrición de psicofármacos en Galicia no número global de envases foi do 6,14 % durante o período 2013/2017. Os subgrupos terapéuticos que máis aumentan son os antidepressivos, hipnóticos e sedantes. Este aumento refírese a todo o Sergas, non so ás unidades de saúde mental. Este incremento débese a factores como a maior actividade asistencial e ao aumento do perfil de seguridade dos fármacos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 56996565-6d62-86d7-e6b8-809f53f4c125



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/09/2018 15:04:24



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 33598**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre “**as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia sobre a problemática de Motorkar**”, (publicada no BOPG número 342 do 27 de xullo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Como ten informado a directora xeral de Comercio e Consumo, con motivo do debate das preguntas 33272 e 33510 que tivo lugar na sesión do 6 de setembro de 2018 da Comisión 6ª de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, a Xunta, a través do Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC), está en todo momento presente na defensa dos dereitos das persoas consumidoras, escoitando, informando, asesorando e procurando en cada caso a restitución dos seus dereitos dunha forma áxil e efectiva.

Por iso, recibidas as primeiras reclamacións polas persoas afectadas polo peche de Motorkar, desde o IGCC leváronse a cabo as actuacións necesarias ao abeiro das ferramentas que outorga a Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, as cales permitiron acadar unha solución satisfactoria en poucas semanas pola que puideron recibir os seus vehículos e a documentación asociada.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2018-09-06?part=9584a42e-2fb0-41b0-92af-e18d946e92b5&start=3583>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 13:33:32



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34418**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e don Luís Manuel Álvarez Martínez ,sobre **“a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e contía de cada unha delas, outorgadas pola Axencia de Turismo de Galicia ao Concello de Lugo no ano 2017”**, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Turismo de Galicia en relación co Concello de Lugo asinou no 2017:

-Un convenio de colaboración con Abanca e o Concello de Lugo para a Festa de San Froilán por un total de 20.000€

-Unha subvención para a promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico por un total de 3.000€

-E unha subvención para o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos por un total de 50.000€”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/09/2018 14:45:12



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34456**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López, sobre “**convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Axencia de Turismo de Galicia aos concellos de Baralla, Castroverde, Corgo, Friol, Guntín, Outeiro de Rei e Portomarín no ano 2017**”, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Turismo de Galicia en relación cos Concellos indicados asinou no 2017:

Concello de Baralla: Un convenio de colaboración para a mellora dos recursos turísticos das entidades locais por valor de 11.453,67€.

Concello de Castroverde: Non houbo ningunha tramitación de axudas económicas.

Concello de O Corgo: Unha subvención para o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos por un total de 50.000€.

Concello de Friol: Non houbo ningunha tramitación de axudas económicas, aínda que se se puxo en marcha o albergue de Friol para dar resposta á mellora acollida de peregrinos que transitan polo Camiño do Norte, o terceiro máis percorrido

Concello de Guntín: Un convenio de colaboración para a mellora dos recursos turísticos das entidades locais por valor de 22.847,83€

Concello de Outeiro de Rei: -Unha subvención para o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos por un total de 40.944,59€

Concello de Portomarín: -Concesión en réxime de concorrencia competitiva á primeira edición dos Premios Parabéns por valor de 100.000€

-Unha subvención para o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos por un total de 25.806,58€

-Un convenio de colaboración cos concellos galegos do Camiño Francés para actuacións de mellora, mantemento, de atención e información ao peregrino, e promoción do Camiño Francés por un total de 37.900€”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/09/2018 14:45:05



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34465**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Axencia de Turismo de Galicia aos concellos de Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito e Guitiriz no ano 2017”**, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Turismo de Galicia en relación cos Concellos indicados asinou no 2017:

Concello de Abadín:

Un convenio de colaboración para a mellora dos recursos turísticos das entidades locais por valor de 32.172,03€

Concello de Begonte:

- Unha subvención para a promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico por un total de 3.000€

-Unha subvención para o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos por un total de 39.654,94€

Concello de Castro de Rei:

Unha subvención para o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos por un total de 50.000€

Concello de Cospeito:

-Un convenio de colaboración para a mellora dos recursos turísticos das entidades locais por valor de 14.991,25€

-Unha subvención para a promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico por un total de 3.000€

Concello de Guitiriz:

-Un convenio de colaboración para a mellora dos recursos turísticos das entidades locais por valor de 24.552,41€”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/09/2018 14:44:47



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34474**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Axencia de Turismo de Galicia aos concellos de Meira, Muras, Pastoriza, Pol, Rábade, Vilalba e Xermade no ano 2017”**, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Turismo de Galicia en relación cos Concellos indicados asinou no 2017:

Concello de Meira:

-Unha subvención para a promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico por un total de 2.868€

Concello de Muras, A Pastoriza, Pol, Rábade, Vilalba e Xermade:

Non houbo ningunha tramitación de axudas económicas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/09/2018 14:44:40



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 13:33
Nº Rexistro: 37464

Data envío: 24/09/2018 13:33:28.532

Data 24/09/2018 13:33

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34512**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as demandas dos profesionais que prestan os seus servizos nos puntos de atención continuada do Sergas”**, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 11.09.2018 polo conselleiro de Sanidade- ao darlle resposta á pregunta 34414 sobre similar tema”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 589a8767-4729-1aa8-a7f8-61fc2485be19



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 13:33:25



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37568

Data envío: 25/09/2018 15:04:20.423

Data 25/09/2018 15:04

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34756**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a avaliación da aplicación das medidas recollidas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero”**, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Para dar resposta a esta cuestión remitímonos ao Informe Anual 2017 de violencia de xénero no que a partir da páxina 109 recollese as medidas que garanten a atención sanitaria. Pode consultarse no seguinte enlace:

http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/informe_lei_vx-2017.pdf.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/09/2018 15:04:15



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37567
Data envío: 25/09/2018 15:04:06.938

Data 25/09/2018 15:03

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34761**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a avaliación da aplicación das medidas recollidas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero”**, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Para dar resposta a esta cuestión remitímonos ao Informe Anual 2017 de violencia de xénero no que a partir da páxina 109 recollese as medidas que garanten a atención sanitaria. Pode consultarse no seguinte enlace:

http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/informe_lei_vx-2017.pdf.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/09/2018 15:03:46



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37633

Data envío: 26/09/2018 14:44:34.459

Data 26/09/2018 14:44

RS/ms

O 20.09.2018, tivo entrada no Parlamento, con número de rexistro 37238, contestación á pregunta con resposta escrita número 34823, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, dona Paula Vázquez Verao e don Luis Villares Naveira sobre **“as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir unha atención sociosanitaria axeitada e en condicións de equidade a toda a poboación envellecida do concello de Navia de Suarna”**. A contestación formulada pola Consellería de Sanidade, e remitida ao Parlamento, non se corresponde coa pregunta en cuestión, polo que procede substituír dita resposta polo texto seguinte:

“Na actualidade o concello de Navia de Suarna conta con 996 cidadáns con tarxeta sanitaria residentes no concello, dos que 496 son maiores de 65 anos, e 34 están en idade pediátrica. A asistencia sanitaria a nivel de Atención Primaria préstase no Centro de Saúde por un facultativo, unha enfermeira e un persoal de servizos xerais con horario de 8:00 a 15:00 horas.

No horario comprendido entre as 15:00 a 22:00 horas os días laborables é de 8:00 a 22:00 os domingos e festivos hai no concello un dispositivo médico e de enfermería localizado e habilitado para as demandas de asistencia.

No horario nocturno a prestación localízase no PAC de Becerreá, ofertando asistencia no mesmo pero tamén asistencia a domicilio a través dos medios de transporte de enfermos e de profesionais con que está dotado.

A media de distancia ata o Centro de Saúde de Navia desde a parroquia máis lonxe sería de 18 km.

E a parroquia que máis dista do PAC de Becerreá está a 38,5 Km (51 minutos).”

Rogo que co envío da contestación axeitada se dea por subsanado o involuntario erro cometido.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/09/2018 14:44:14



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35403**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa evolución que presentan os indicadores relacionados co nivel de execución orzamentaria no ano 2017 dos plans e programas destinados á I+D+i, as medidas adoptadas ou que vai levar a cabo a curto prazo para incrementar o esforzo orzamentario e o grao de cumprimento dos compromisos na materia, así como as actuacións previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A cuestión formulada foi atendida na intervención da directora xeral da Axencia Galega de Innovación, con motivo do debate da pregunta 29304 que se desenvolveu na sesión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo do 15 de maio de 2018.

Nesta intervención trasladouse a mellora no orzamento destinado a estas partidas, incrementándose nos dous últimos anos en case 20 millóns de euros, especialmente en partidas orientadas á mellora da competitividade e innovación das empresas e centros tecnolóxicos e remarcouse a mellora dos últimos indicadores que sinalan o crecemento do investimento en I+D+i en Galicia por riba da media do Estado. Ademais, se subliñou o incremento de fondos competitivos do programa Horizonte 2020 da Comisión Europea, acadando máis de 67 millóns de euros no período 2014-2020, o que supón o dobre que no período marco anterior.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2018-05-15?part=5743b570-8e9b-4f02-880d-07eae11d4e24&start=10880> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2018 13:33:17



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727